

# ATLANTICA

festival internacional de narración oral



SANTIAGO DE COMPOSTELA | FERROL | TEO | ALFOZ | BOIRO | CUNTIS  
DODRO | LALÍN | MONDOÑEDO | MUGARDOS | A POBRA DO CARAMIÑAL | RIBEIRA  
OUTES | SANXENXO | OURENSE | PAZOS DE BORBÉN | VIGO | A ESTRADA  
CAMPO LAMEIRO | CARNOTA | CHANTADA | PADRÓN | PADERNE | ZAS

10 ANOS NUN  
30 XUÑO - 9 XULLO



MAR DE CONTOS  
2022 • GALICIA

f t i y  
festivalatlantica.gal

# ÍNDICE

<b>Artistas</b>	<b>3</b>
Carolina Rueda	4
Virginia Imaz	6
Victoria Siedlecki	6
Cláudia Fonseca	7
Sofia Maul	7
Dois dos montes   Vítor Fernandes e Estefânia Surreira	8
Félix Albo	9
José Luis Guiérrez 'Guti'	10
Ensemble ConcertArt	10
Músicos da patera   Ayoub Kamouni e Aziz Belmajdoub	12
Anxo Moure	13
Atenea García	13
Avelino González	14
Bea Campos	15
Brais das Hortas	15
Cándido Pazó	16
Carme Varela	17
Caxoto (Felipe Díaz)	18
Celso F. Sanmartín	18
Charo Pita	19
Cris Collazo	20
Cris de Caldas	21
Dani Blanco	22
Francisco do Romualdo	22
Lois Pérez	23
Lorena Pinheiro	24
Luis Prego	24
Manuel Gago	25
María da Pontragha	26
Os contos de Pablísimo (Pablo Sánchez)	26
Pablo Díaz	27
Pakolas (Paco Cerdeira)	28
Paula Carballeira	29
Pavís Pavós	30
Quico Cadaval	30
Chusa Pérez de Vallejo	31
Raquel Queizás	32
Rebeca Blanco	33
Santi Prego e Jorge de Arcos	33
Soledad Felloza	34
Vero Rilo e Sonsoles Penadique	34
Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela	35
<b>Programa</b>	<b>37</b>
<b>Equipo</b>	<b>45</b>
<b>Contacto</b>	<b>46</b>

**ARTISTAS**



**CAROLINA RUEDA**  
(Colombia)

Son de natureza viaxeira, a viaxe coas súas esixencias, cos seus coidados, cos seus perigos e cos seus achados. Desde hai 26 anos traballo na narración oral propulsando basicamente dous aspectos: do seu aspecto artístico e do posicionamento nacional e internacional; e doutra banda, do seu carácter de instrumento de xestión e ferramenta con carácter social en ámbitos educativos, políticos e así mesmo, artísticos. Como artista caracterízome por realizar adaptacións, obras derivadas e versións libres, de autores da literatura universal como: García Márquez, Ray Bradbury, Italo Calvino, Charles Dickens, Rudyard Kipling, Stanislaw Lem, e versións de relatos de tradición oral do mundo. Os meus talleres de formación en narración oral foron adaptados para diversos fins así como o traballo de dirección, pre-dirección, produción e proxección de espectáculos e eventos.

Na miña calidade de xestora e programadora, coordino desde 1990, a mostra de cuenteros (nacional e internacional) do Festival Iberoamericano de Teatro de Bogotá, festival que alcanzou nas súas once edicións posicionarse como un dos máis grandes do mundo. Así mesmo participei como profesora convidada e profesora regular en programas de adquisición do idioma español como segunda lingua e en programas de literatura, educación a distancia e artes escénicas, en universidades como: a Universidade de Cornell, a Universidade de Miami, a Universidade de Denison (EE.UU.), Centros de profesores e universidades en España, Perú e Chile.

No meu percorrido artístico actuei en escenarios como Casa de América, Teatro Cuarta Pared, Centro Cultural da Villa, Círculo de Bellas Artes en Madrid, Teatro Nacional, Teatro Leonardus, Auditorio León de Greiff, Teatro Municipal de Cali, Teatro de Bellas Artes Medellín, e as feiras do libro de Madrid, Valencia, Torrent, Bogotá e Buenos Aires. Os eventos nos que participo desde 1990 realízanse en países como Estados Unidos México Costa Rica, Venezuela, Perú, Ecuador, Brasil, Chile, Arxentina, Portugal, España, Francia e, por suposto, Colombia. Na radio participei e creei proxectos con Caracol Radio Colombia, Javeriana Estéreo e Radio Nacional de Colombia.

#### **CONTOS CANTADOS, CANTOS CONTADOS** | Público infantil / familiar

A súa estrutura mestura cantos e historias colombianas e universais: divertido, xoguetón establece un diálogo cos nenos e os pais en canto á memoria, os temores, a familia e os amigos. Forman parte do seu repertorio aínda que en cada ocasión cóntanse, os que se consideren adecuados á franxa de idade, os seguintes contos e cantos.

Os contos: Mi abuela. La trompa de los elefantes (Rudyard Kipling), Abuela Continuación, La Tortuga que quería volar (Trad. Oral Caribe), El nacimiento del Arco iris (tradición Cashinagua), La Siesta de la abuela (tradición oral española), Los tres pelos de oro del diablo (Hermanos Grimm). Os cantos: El Gallo Tuerto, La araña Picua e El conejito Juan.

#### **O XOGO DAS SOMBRAS** | Público adulto

É un espectáculo de narración oral construído en paires de historias que pecan todas elas por íntimas e á vez por compartidas. De humores, dragóns, amantes e misterios é este espectáculo. Percorre palabras e silencio, ouriza a pel, un traballo de irse facendo, como o desexo, como a ciencia, como calquera camiño. Os autores danme motivos de conversación, cóntanme historias por percorrer, son compañeiros do camiño Gustavo Roldan e María Teresa Andruetto, de Arxentina; Óscar Godoy, Héctor Abad Facciolince e Santiago

Mutis de Colombia; cos seus personaxes converso, a eles convido, deles falo, ás veces cóntoos ás veces refíroos, eles son os debuxantes deste xogo de cataclismos.

**CONTOS E SUCEDIDOS** | Público adulto

Unha escolma de contos e sucedidos colombianos atravesados pola experiencia e o bo facer cuenteiro de Carolina Rueda.



Nacéronme na primavera de 1962 a dous mundos: Ao que lle din real e ao que chega pola porta dos contos. Fixen o meu niño nese limiar de maxia. Cando era nena tiven a fortuna de ter tantas persoas ao meu redor que contaban historias, que eu crín que narrar era unha forma de ser xente. Necesito escoitar e contar contos como respirar. Conto profesionalmente desde 1984, historias que escoitei, que lin ou que me inventei, aínda que todas teñen algo en común. Son historias que me removeron por dentro, inspirándome ou iluminándome nesta aventura do vivir. Conteí en todo tipo de lugares e para persoas de todas as idades, naufraxios e soños. As historias vanse puíndo polos camiños, cambian e cámbianme. A miúdo preguntanme se se pode vivir do conto. Eu só sei que non podo vivir sen eles.

**A MIÑA CASA** | Público infantil / familiar

Para escoitar contos hai que prepararse: sacudirse as orellas dos últimos berros que se nos meteron dentro, fregarse os ollos para eliminar xuízos e prexuízos e levarnos unha man ao peito para facer oco para a marabilla, porque os contos enténdense co corazón. Se xa che preparaches ven... ao abrigo das palabras atoparás risas e xogo, viaxes e desafío. Ven e celebramos o encontro.

Título do espectáculo de narración oral para:

**MITOLOXÍA VASCA** | Público adulto / familiar

Para Virginia Imaz contar é falar cunha voz máis vella que as pedras, recuperar a memoria das xentes que nos precederon no oficio de vivir. Narrar coma se estivésemos xunto ao lume do fogar ou ao redor da fogueira, acendendo os recordos ata que ardan todos os medos e abrásennos todos os desexos. Nesta ocasión narra historias e lendas da súa terra, de Euskal Herria. Son historias que escoitou ou que leu, pero todas elas pasaron polo seu propio alento.



**VICTORIA  
SIEDLECKI**  
(Bos Aires-Madrid)

Actriz e narradora oral. Dirixe en Madrid “La escuela de cuentacuentos”, onde xa se formaron máis de 1000 narradores, e é cofundadora de Yotecuento Storytelling.

Presentou os seus espectáculos de contos para público infantil e adulto en festivais, teatros, bibliotecas, centros culturais e grandes eventos o longo de España e tamén Arxentina, Uruguai e Chile.

Cunha ampla formación artística, á que recorre na súa exclusiva dedicación á narración oral, tivo a súa propia columna de contos en Radio Nacional de España, Punto Radio e Cadena Ser.

#### **RELATOS ERÓTICOS** | Público adulto

O sexo dos anos pode estar moi claro para algúns, así como un bolero aparentemente inocente ou os segredos mellor gardados das mil e unha noites. Vitoria Siedlecki –actriz, narradora oral– rumoréanos eses segredos e acéndenos outros, entre risas, erotismo, e o pracer indubidable que toda lingua é capaz de provocar... Relatos Eróticos é un espectáculo de contos, baseado en historias de amor, erotismo e humor. Tras 4 tempadas de éxito na carteleira madrileña, Relatos eróticos segue encandeando ao público. Dona de infinitos rexistros, a actriz arxentina Vitoria Siedlecki fai rir e pensar a ritmo trepidante, baseándose en textos magníficos (como algunhas pasaxes descoñecidas das mil e unha noites) e unha mestura contemporánea de humor e paixóns de todo tipo.

#### **PEQUENO PAÍS** | Público infantil / familiar

Aínda que é tan pequeno que non aparece en ningún mapa: o Pequeno País existe. Tódolos seus habitantes son magníficos xardineiros e é que, cada día do ano, no Pequeno País seméntase, cántase e cóntase. Fai moito tempo un xeneral quixo conquistalo e alá que se encamiñou cos seus soldados e o seu gran canón. Para a súa sorpresa, os habitantes do pequeno país non loitaron, pois non tiñan exército, e os recibiron cos brazos abertos.

Compartiron con eles a súa comida, ensináronlle os seus xogos, cantáronlle as súas cancións e contáronlle os seus contos. Ante armas tan poderosas o xeneral e os seus soldados déronse por vencidos por primeira vez. Algúns decidiron quedarse a vivir alí, co monstro da lagoa que baila e canta cumbia, ca familia Chimbi que ten dous pais, ca vaca que lambendo á lúa lle quitou un anaco, ca parraguesa e cun montón de animalíños cuxos nomes soan mellor en guaraní, cos veciños e veciñas da rúa do pucheiro e ca nena que foi capaz de cambialo todo dicindo a verdade.

Estas son as historias que compartiremos: Contos e cancións cheos de personaxes inesquecibles, de sorpresas, emocións e humor ... as historias do Pequeno País.



## CLÁUDIA FONSECA (Brasil-Portugal)

**Cláudia Fonseca** naceu no Rio de Xaneiro, máis ten as súas raíces no nordeste do Brasil e de alí venlle a súa voz narradora. Reside en Portugal dende o 1992, país onde estudou a carreira de psicoterapeuta e se fixo contadora de historias.

Investigadora do IELT (Instituto de Estudos de Literatura Tradicional), prepara o doutoramento en Estudos Culturais, traballando entre a psicanálise e a narración. Partilla a vida profesional entre a clínica e a narración, desenvolvendo innumerables actividades no ámbito dos contos, mediación de lectura e programación cultural, en contextos moi diversos.

Participa en encontros e festivais, dentro e fora de Portugal. É programadora dos Cacharotes de Contos, noites de contos en Lisboa. Co-organiza o Terra Incógnita - Festival Internacional de Contos de Lisboa.

A súa bagaxe está chea de historias de moitos lugares e tempos, contos tradicionais e de autor, cantigas, e historias de familia e casos.

**CONTOS DE AQUÍ E DACOLÁ** | con Lorena Pinheiro

Emoción, diversión e tradición empregando como ferramenta un dos apeiros máis antigos da humanidade; as historias contadas. Porque hai algo que é tradición: a necesidade de contarnos a vida.



## SOFIA MAUL (Portugal)

**Sofia Maul** é unha contadora que exerce como tradutora e terapeuta da fala, principalmente con cativos xordos e plurilingües en Madeira. É cofundadora da asociación cultural sen ánimo de lucro Os Contabandistas, un grupo moi activo na promoción da narración oral como forma de arte performativa contemporánea. Ademais, é cofundadora do festival Terra Incógnita, e en setembro do 2016 organizou coa asociación Xarabanda o primeiro festival de narración oral de Madeira, EVA, Era uma vez no Atlántico.

**DRAGOEIROS E BIOSBARDOS** | con Charo Pita | Infantil e familiar (+3 anos)

Un espectáculo a dúas voces entre Maul e Pita onde ambas as dúas compartirán co público as historias das respectivas aldeas. É tamén unha oportunidade para se achegar á tradición oral lusófona da man dunha

das súas contadoras máis reputadas. Maul adoita incluír no seu repertorio historias de Madeira, a súa illa natal, que reflicten a idiosincrasia deste cachiño de terra no medio do océano.

### CONTOS DE ARREPÍO | con Paula Carballeira | adolescentes e adultos

O medo é unha das poucas cousas que non buscas. Ao medo atópalo. Os chamados “contos de medo” só perseguen o arrepío do momento, unha lixeira inqueda, unha sensación de vento frío que che aloumiña o pescozo. Candeas, aparecidos, ánimas en pena, agoiros, avisos... Ben se pode dicir que o arrepío forma parte do outono e do inverno, e dalí proceden a maioría destas historias, das longas e escuras noites coa néboa ás portas.

Contos que foron tecendo narradoras e narradores anónimos, ás veces recollidos por escrito, a maioría transmitidos oralmente para lembrarnos que a morte está á espreita, e que por iso hai que sentir con intensidade, tremer rir cando o medo nolo permita, para esquecer por un momento o que agochan as tebras.



**Vítor Fernandes** | Natural do reino marabilloso de Trás-os-Montes, desde neno ouvía contos que os seus familiares máis vellos contaban nas rúas das aldeas ou nas noites das casas. Busca manter a forza da oralidade a través dun repertorio cheo de contos de amor, humor, vivacidade, astucia e emoción, tan propios da tradición portuguesa.

Formouse con varios narradores nacionais e internacionais e ten participado en varios festivais nacionais e internacionais. Forma parte do grupo Contos na Eira. En 2014, en colaboración coa Librería Traia Mundos, en Vila Real, creou o evento Traia Contos. En 2015 integrou o equipo que realizou os eventos Sexta dos Contos e o Festival Porto de Contos. En 2021, con Clara Haddad e Mariana Machado, creou o primeiro Club de Historias Motivacionais en Portugal. É o cofundador, con Estefânia Surreira, do proxecto Dois dos montes.

**Estefânia Surreira** | Creei o meu proxecto de mediación de lectura en 2014 e deille o nome “As tartarugas tamén voan”, por ser o título dun dos filmes da miña vida e por crer que elas voan de verdade (cando ningún ser humano está preto, claro). Fun aprendendo a ler historias en voz alta e a narralas, descubrindo que elas se tornan reais no momento máximo de compartilas cos demais. Con aquel que escoita. Con aquel que se deixa enmarañar nos longos fíos de palabras que imos soltando dos libros, da nosa imaxinación, da nosa voz, do noso corpo. E tamén aprendín, neste traballo de lectora e narradora, a escoitar os outros que, coma min, entregan a súa alma á palabra lida, á palabra dita. Neste camiño que é, por enriba de todo, de escoita, descubrín o poder marabilloso das historias e aprendín, con quen fai da narración o seu oficio, o seu modo de vida, que é posible rescatar contos, memorias e afectos e partillalos con quen sabe que as tartarugas, alí do outro lado da vida, tamén voan.

**A HISTORIA DE JOÃO SOLDADO E OUTROS CONTOS TRADICIONAIS PORTUGUESES** de Dois dos montes | +12 anos e adultos

João Soldado e outros contos é un espectáculo contado e cantado, procedente de Trás-os-Montes, onde os contos e as lendas da tradición portuguesa son os ingredientes principais pero mesturados con petiscos



(burlescos) de disparate, riso e boa disposición. Unha viaxe ao fantástico, onde non faltan bruxas, diaños, deuses, almas en pena, trasgos, pantasmas e moitos outros seres da mitoloxía popular.



**Félix Albo** é un mediterráneo que conta historias. Sobre o escenario non realiza un teatro de representación, senón un teatro evocador: Todo ocorre no íntimo imaxinario de cada unha das persoas que forman o público. Esa é a súa estratexia e a súa disciplina artística, a narración oral. A súa habilidade é a de calibrar o tempo e trenzar sen pendelo o humor como baile, a tenrura como aroma e outros percorridos emocionais sorprendentes. Por iso, quizá, ten dous espectáculos para teatros coa R de recomendado pola rede Nacional de Teatros: “O pobo dos mellados” e “Tanatorium”. Son máis de 25 anos sobre as táboas, quilómetros percorridos, teatros, salas, escenarios de todo tipo e bibliotecas de todo o mundo.

#### **YAYERÍAS** | público adulto

Un secreto de familia, o silencioso ruído dun cemiterio na noite, o recordo dun tío avó a quen non coñecín, o tacto suave dun amor oculto, un forasteiro, a voz rouca dun enterrador, un grilo, unha curuxa, o ouvido dun can afastado e un velorio nun pequeno pobo de interior. Estes son algúns dos elementos que dan sentido ao aire que se respira neste espectáculo de dúas historias para público adulto.

Yayerías é un espectáculo disparatado sobre a emoción e a tenrura. O reflexo de todo aquilo que temos en común aínda sen vivilo. Unha mirada sobre os nosos propios estereotipos sociais e comportamentos. Todos os elementos que aparecen nas dúas historias van compoñendo a atmosfera única na que respiran todos os seus personaxes e, acaba respirando entre risas, o público. Dúas historias cuxo eixo é o asasinato dunha muller por unha cuestión meramente moral.

Yayerías é un dos espectáculos de pequeno formato máis maduros do artista Félix Albo, de ton xograresco, cunha conexión directa co público, vital e xovial, cun ritmo próximo á comedia pero provocando momentos de verdadeira tenrura e outros de hilarantes gargalladas. Sempre sorprendente.

#### **CONTOS DE CONTOS** | Infantil e familiar (+5 anos)

*Contos de contos* é unha sesión de narración oral que se apoia no álbum ilustrado para xerar un vínculo entre o acto escénico e a lectura. O ton é dinámico, divertido e apto para todos os públicos.



**JOSÉ LUIS  
GUTIÉRREZ 'GUTI'  
(Zamora)**

'Guti' é gaiteiro, cantador, bailador e sobre todo contador de historias. Realizou un inmenso labor de compilación etnográfica en longos seráns de cociña e serano, en vilas de Zamora, León e Salamanca. O seu traballo céntrase no uso de materiais recollidos directamente de narradores tradicionais, na súa maior parte anciás e anciáns do mundo rural. Traballou principalmente na contorna rural intentando dalgunha maneira restablecer a cadea de comunicación-transmisión da cultura oral rota pola condena dos anciáns ao silencio nunha sociedade dominada polo que se repite dende o televisor.

É habitual dos festivais de narración e colaborador en traballos discográficos de grupos como Mayalde, Bajo Duero ou La Ronda de Motilleja. Dirixiu unha morea de espectáculos sobre a tradición, publicou artigos relacionados coa etnografía en revistas como El Filandar e colaborou en moitas publicacións especializadas. Polo seu espectáculo *A pelo* recibiu no 2015 o Premio de Interpretación Masculina na XII Edición dos Premios Moretti de Teatro.

#### HISTORIAS DE FILANDAR | Adultos

Neste espectáculo o romance e o conto tradicional vanse zarrapicando da xeografía, da vida das cociñas, dos traballos do campo, das historias de vida de cada informante, e de cada vella que entra e sae do escenario da man deste zamorano. Funciona como un exercicio de agradecemento a quen lle regalou o testemuño dun mundo oral, e aspira a ser, para quen escoita, unha volta ao tempo feliz no que a palabra do vello era necesaria



**ENSEMBLE  
CONCERTART  
(Romanía, Hungría,  
Alemaña, León, Galicia)**

O **Ensemble ConcertArt** é a conxunción da narración oral na voz de Sole Felloza e a mestría musical do cuarteto de cordas formado por Irina Gruia, Ildikó Oltai, Iriana Fernandez e Thomas Piel, integrantes da Real Filharmonía de Galicia.

**Sole Felloza (voz)** | A uruguaia Soledad Felloza dedícase á narración oral desde hai 25 anos. Tamén é docente, actriz, fotógrafa, escritora de literatura infantil e xuvenil e dramaturga, cunha ampla formación no campo do teatro e no eido dos contos. Recibiu o Premio Europeo ao mellor conto para nenos e nenas por 'A cociñeira do rei' (Editorial Oqo). O seu programa de radio 'La casa disparatada' foi declarado pola

UNESCO de interese por mor da súa contribución á difusión dos dereitos da infancia. Ten editados discos de contos para nenos baixo o título 'De Tin Marín', esgotados neste momento.

**Irina Gruia (violín)** | Nace en Brasov, Rumania. Os seus estudos do Conservatorio Superior continúan nos Estados Unidos. En 2002 gradúase na especialidade de violín polo Conservatorio Hartten dos EEUU, onde estuda con Philip Setzer e Eugene Drucker, os dous violinistas do famoso Emerson String Quartet.

En 2003 aproba a oposición para a Real Filharmonía de Galicia, en Santiago de Compostela, onde desenrola unha intensa vida musical: ademais das súas actuacións coa Real Filharmonía, forma parte de varios grupos de cámara, como o Cuarteto de corda Novecento ou o Piano Cuarteto Berenguela.

No transcurso do ano 2012, licenciouse no método Kindermusik e empeza unha relación con varias garderías e escolas de música para sentar unhas bases musicais moi sólidas nas novas xeracións de nenos da cidade de Compostela.

Desde 2013, Irina está presentando e traducindo algúns dos concertos familiares da Real Filharmonía de Galicia, acompañando con moito éxito a directores como Paul Daniel ou Jonathan Webb.

**Ildikó Oltai (violín)** | Nacida en Budapest (Hungría), realizou os seus estudos superiores na Academia de Música Franz Liszt da súa cidade natal. Graduouse en 1995 como Profesora de Teoría da Música e Directora do Coro, e en 1996 obtivo o título Superior de Concertista e Profesora de violín.

Traballou na Orquestra de Cámara Erkel Ferenc de Budapest como axudante de concertino, no Cuarteto de Corda László Lajtha, na Orquestra Sinfónica de Franz Liszt de Budapest como concertina e na Orquestra Sinfónica Ernő Dohnányi de Budapest como concertina e varias veces como solista. Co Cuarteto László Lajtha e coa Orquestra Ferenc Erkel ten realizado varias gravacións coa compañía Naxos.

Desde 1996 é membro da Real Filharmonía de Galicia e desde o ano 2001 é profesora de violín e música de cámara na Escola de Altos Estudos Musicais. Actuou como solista coa RFG baixo a dirección de Paul Daniel en 2008 e interpretou o 2º Concerto para violín de Béla Bartók con Antoni Ros Marbá en 2010.

**Iriana Fernández Llamazares (viola)** | Nace en León onde comeza a tocar a viola á idade de dez anos no Conservatorio Profesional de Música de León. Finalizadas as ensinanzas medias, inicia en Oviedo o Grao Superior baixo a tutela de Luis M. Muñiz e Igor Suliga. Nesta etapa participa como membro da Joven Orquesta Nacional de España (JONDE), a orquestra Oviedo Filarmonía e a orquestra de cámara da Fundación Príncipe Felipe de Oviedo, entre outras. En 2008 trasládase a Alemaña para cursar un Mestrado Profesional Performance na Universidade de Essen, co profesor de viola Emile Cantor e o profesor de música de cámara Andreas Reiner. Dos estudos de música de cámara nace o quinteto de corda con piano "César Ensemble", co que participa en numerosos festivais tanto en España como Alemaña. Con posterioridade cursa un Mestrado de Especialización Orquestal co profesor Jürgen Kussmaul na Universidade de Düsseldorf. Participa como viola convidada das orquestras de Essen, Dortmund, Duisburg, Osnabrück, Münster, Hagen, Flensburg ou Koblenz; asemade, desenrola o seu labor profesional coa orquestra Bochumer Symphoniker (Bochum). Desde abril de 2016 é membro da Real Filharmonía de Galicia como viola tutti

**Thomas Piel (violoncello)** | Nace en Colonia (Alemaña). Comeza os seus estudos musicais no conservatorio da súa cidade natal e continúa a súa formación na Folkwang-Musikhochschule de Essen con Christoph Richter, onde obtivo a súa diplomatura con honra no 2000. Posteriormente realizou un curso de postgrao con Ksenija Jankovich e asistiu a clases maxistras con M. Carneiro, Y. Chiffolleau, S. Palm, T. Demenga e, no Folkwang-Festival, con M. Rostropovich. Colaborou coa Junge Deutsche Philharmonie e o Ensemble Resonanz. En 1998 foi cofundador do ensemble "eMeX", especializado en música contemporánea. Foi o primeiro violonchelista solista da Westphaelische Kammerphilharmonie Gutersloh entre 1997 e 2001, e participou na academia orquestral do Bayerischer Rundfunk baixo a dirección de M. Rostropovich. O seu interese polos grandes violonchelistas do pasado levouno a ofrecer recitais e conferencias sobre Gaspar Cassadó, Pau Casals, Enrico Mainardi e Paul Tortelier. Na actualidade é membro da Real Filharmonía de Galicia e ensina violoncelo na Escola de Música Berenguela en Santiago de Compostela.

**AS CATRO ESTACIÓNS** de Antonio Vivaldi | 60 min

*As catro estacións* é un grupo de catro concertos para violín e orquestra (cada un dedicado a unha estación) do compositor italiano Antonio Vivaldi. Xoia celeberrima da música barroca, *As catro estacións* son as pezas máis universais de Vivaldi e da súa época. A cada concerto anteponse un "Soneto demostrativo" para ilustración das imaxes evocadas na música. Nestes sonetos inspirámonos para crear a historia que narramos ao longo do concerto.

Vivaldi amou a vida intensamente. Para perpetuar a profunda emoción que a transformación da natureza lle despertaba, creou os concertos para violín chamados *As catro estacións*, deixando por escrito da súa propia man no orixinal da partitura a descrición das máis fermosas escenas da primavera, o verán, o outono e o inverno. Cada un destes concertos consta de tres movementos, dous rápidos allegros separados en contraste cun lento e expresivo, adagio; as escenas máis descritivas son os movementos lentos.



**Ayoub Kamouni e Aziz Belmajdoub**, dous actores marroquís en abril de 2021 suben a unha patera para viaxar dende Marrakesh ata Canarias ao longo de tres días con ondas de tres metros nunha viaxe infernal, dantesca. Voan en avión dende Canarias a Península e en bus de Madrid a Galicia. Logo de diversas experiencias laborais en condicións moitas veces de explotación chegan a pequena aldea de Pousada en Mariz, integrándose axiña no proxecto do espazo de animación e contacontos Carballolandia e no Cinema Palleiriso onde contribúen a súa conservación, deseño e escenografía. Participan tamén nas distintas actividades de contacontos musicados acompañando ao Carballo con botas nalgunhas das súas viaxes e compartindo escenario con Ugia Pedreira, Abe Rábade, Iván Garmén, o malabarista Ramón "Señor gato" ou con grupos de danza e baile no propio Palleiriso.

**CULTURA SEN PAPEIS** | 50 minutos | Adaptado a todas as idades

A proposta dos "Contos da patera" parte dunha historia de Anxo Moure dentro do proxecto "Contos Solidarios" (web [www.contosolidarios.org](http://www.contosolidarios.org)) no que os fondos que se recadan invístense no cento por cento no apoio a solidariedade e a cooperación.

A proposta de narración oral adáptase a todas as idades e consiste nunha viaxe polo mundo das culturas do planeta interpretadas con monicreques tecidos por cooperativas do comercio xusto en India, Bangladesh, Guatemala, etc., apoiadas pola música de percusión de Ayoub e Aziz e a súas voces cantando os contos en árabe. As historias de autoría propia falan da paz, dos refuxiados, das pateras, da inmigración e rematan cantando en árabe e galego, tocando con pandeiretas a cargo de Ayoub e Aziz a cantiga *Pandeiretas contra metralletas* da autoría de Servando Barreiro e Anxo Moure do libro *A música da auga*.



Nado en Chantada o 28 de decembro de 1963, é un escritor e contacontos galego. Contacontos dende 1989 e barqueiro da A.C. Barcas do Miño con experiencia de 25 anos no manexo de embarcacións tradicionais e con actuacións no Miño e no Cabe, no Ulla e mais no mar da Illa de Arousa. As súas actividades son cómicas e divulgativas, enmarcadas no ecoloxismo e o ecopacifismo. Impulsou a creación do Cinema Palleiriso na aldea de Garabelos, na parroquia de Mariz.

**CONTOS NO ALTO DAS ÁRBORES** | 20 minutos | Grupos reducidos de 10 persoas

Anxo Moure, o Carballo con Botas, convídavos a subir con el ao alto dun vello castiñeiro para dentro dunha casiña construída en madeira no alto da árbore polo carpinteiro Fernando Ibarra para escoitar contos e historias que nos axudan a coñecer e coidar dos bosques. Historias da “Sobreira Tecedeira”, do “Tío Teixo”, das “Árbores da paz”, do “Caramulo e a carpinteira dos soños”... Un conto contado coa barriga verde dos contacontos convida a unha viaxe, dende o alto das árbores, ata aos espazos naturais da Galiza: Courel, Ancares, Fragas do Eume.... Nesta viaxe a cativada e as súas familias coñecen a problemática dos bosques, limpan o lixo, loitan contra o trasno do lume, falan por “piñáfono móbil”, cociñan o vento e reciben a música das árbores da man dun peitoque de madeira de teixo.

No remate as familias coñecen as distintas árbores e as súas historias no horto forestal (32 especies autóctonas) e finaliza coa proxección dunha curtametraxe “Zapatiños de cartón e a carta das árbores” (con monicreques da autoría de Esteban Acuña “Tarabelos”) no “Cinema Palleiriso”.



**Atenea García** é actriz e creadora escénica. Titulouse en Arte Dramática pola ESAD de Galicia no ano 2010. Durante os anos 2011 e 2012 viviu na cidade de Bos Aires; onde ampliou a súa formación no ámbito vocal e interpretativo con mestras como Jessica Pinkus ou Ignacio Monna. Trala súa volta a Galicia traballou como actriz no Colectivo Avoayouja formando parte de varias das súas montaxes.

No ano 2015 fundou co músico Nicolás Zamorano a compañía Xarope Tulú, adicada ao público infantil e xuvenil ademais de comezar a súa andaina como narradora oral labor que segue a desenvolver na actualidade. Desde o ano 2017 colabora como *performer* co colectivo Blanco&Roja e coa artista Alba Blanco. No ano 2019 traballou como actriz na montaxe Galego, *Neorretranca e posmorrriña* do Centro

Dramático. Ademais, neste mesmo ano pasa a formar parte da compañía Baobab Teatro protagonizando o espectáculo *Mai Mai*. No mes de maio do corrente ano, dentro do marco de Xarope Tulu, a actriz ven de estrear o primeiro espectáculo para o público adulto da compañía, *De ti e mailo mundo que apañes*, baseado na obra poética de Xela Arias.

**COROCHAS** | 0-3 anos | 40 min

*Corochas* é un espectáculo de pequeno formato dirixido á primeira infancia que combina a narración oral, a manipulación de obxectos e a música. A través do conto acumulativo, da canción e xogo de imitación viaxaremos por diversas paisaxes e coñeceremos personaxes estafalarias que deben resolver múltiples enredos. Corochas, cachogas, celigras, cóchegas, coscas, deligras ou cóxegas: Sensación que experimenta alguén ao lle seren tocadas levemente certas partes do corpo e que se manifesta nun riso involuntario. Por que será que existen tantos xeitos de chamarlles ás corochas? Pode ser que a sensación para cada unha de nós é tan diferente que non somos quen de lles poñer un nome só? Ou será que as corochas só existen á beira do mar e as cóxegas no alto da montaña... Os contos ás veces son coma as corochas, fannos viaxar a lugares onde normalmente non chegamos ou a partes do corpo ás que non lles poñemos atención.



AVELINO  
GONZÁLEZ  
(Galicia)

É actor, contador, tradutor e director. Traballou en teatro, televisión, cine e bares. En compañías como Ollomoltranvía, en espectáculos como *Commedia*, en películas como *Heroína* ou *Gallego*, en series de televisión como *Padre Casares*, *Cuéntame*, *Hopital Central*... e o seu labor teatral foi recoñecido con varios Premios María Casares.

Cos contos xa percorreu Europa (Polonia, Alemaña, Suíza...) saltou o Atlántico (Cuba), e toda a península. Fixo dous espectáculos de contos para teatros. Un deles, *Vento mareiro*, foi o espectáculo máis representado en Galicia no 2005 e recibiu o Premio María Casares a Mellor Música Orixinal.

[Avelino González](#) pódese atopar en teatros ou bares, na gran pantalla e na pequena (a da tele, e tamén a do ordenador). Pode parecer moita cousa e moi distinta pero en realidade é a mesma cousa: contar ou axudar a contar as de outros en distintos formatos.

**NO TEMPO EN QUE AS PEDRAS FALABAN** | Espectáculo e roteiro ao Monte Pindo

Prazas limitadas, roteiro de dificultade media alta. Non se permitirá a subida a persoas que non leven o calzado axeitado para unha andaina deste tipo. Actividade supervisada por integrantes expertos no lugar da Asociación Monte Pindo Parque Natural. A hora de saída pode variar en función da climatoloxía. Saída desde o parque infantil do Fieiro (Carnota).

**NO TEMPO EN QUE AS PONTES FALABAN** | Público familiar



**Bea Campos** é actriz, narradora e presentadora. Dende moi nova, comezou a contar contos, realizou milleiros de actuacións e levou as súas historias ata o outro lado do mar, participando en festivais de artes escénicas en Latinoamérica. Forma parte de Migallas Teatro e tamén traballa na compañía Inventi Teatro ademais de participar como actriz en diferentes compañías.

É formadora no eido da expresión dramática, da narración oral e da literatura infantil. Tamén colaborou nun gran número de proxectos audiovisuais e actualmente é presentadora na canle de difusión de literatura infantil Kalandraka TV achegando o mundo do libro a nenos e maiores.

**CONTOS NAS ORELLAS** | Público infantil (+3 anos) | 50 min

Contos de risa, trasnos e carapuchiñas perfectos para os días de festa. A tradición oral da man da literatura infantil. Co ritmo das ondas no noso maxín, entraremos no mundo da fantasía e da imaxinación...

*Contos nas orellas* é unha actividade para todos os públicos onde nenos e maiores poderán gozar das historias e da música.



**Brais das Hortas** é músico, narrador oral e clown. Como músico forma parte de Blues do País e Sacha na Horta. Tocou tamén en Sons Miúdos e Mamá Cabra, entre outros, amais de colaborar en numerosos proxectos (Ataque Escampe, Sofía Espiñeira...). Como clown e músico participa en dous espectáculos con Peter Punk Pallaso: *Concerto PunkInfantil e Peter Punk* e *O Neno Imperdible*. Na súa faceta de narrador oral leva máis dunha década na Tropa de Trapo con Marta Ortiz.

**CONTOS PARA CAGHAR PATATILLAS** | Público infantil e familiar | Galego | 50 min

Este espectáculo é unha mestura de música, clown e contos a partes iguais. Ao longo dos seus 50 minutos pode acontecer calquera cousa: que a Santa Compañía cante un trap, escoitar a verdadeira canción de como morreu Tranquilo, que sete bruxas voen de Moaña a Sevilla nunha barca e mesmo crear instrumentos de refugallo en directo.



**Cándido Pazó** é un asiduo das programacións de narración oral: historias, contos, humor, monólogos...

Presente en numerosos eventos e festivais internacionais de oralidade de España, Portugal, Polonia, Alemaña, Bélxica, Croacia, Suíza, São Tomé e Príncipe, GuinéBissau, Colombia, Venezuela, Uruguai, Chile, Cuba, Brasil e Arxentina. Seleccionado polo Fórum Barcelona 2004 para facer temporada no seu espazo dedicado á oralidade.

Do 2000 ao 2008 foi profesor de narración oral na Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo do Porto e imparte con asiduidade seminarios e cursos sobre a materia en distintas universidades e outros ámbitos de formación.

É autor da maior parte das súas historias (inda que tamén as recolle da tradición e da literatura) e ten querencia polo chamado conto tabernario ou de tertulia: enfiados de anécdotas, sucesos e personaxes dos que demostran que a realidade supera á ficción.

Actor, narrador oral, autor teatral, guionista de series televisivas e director de escena con numerosos espectáculos estreados e premiados nos apartados de autoría, adaptación ou dirección, entre os que destacan: O Melro Branco (Premio Xeración Nós de Teatro Infantil 1989) Commedia, un xoguete para Goldoni (Premio Compostela 93 e Premio de la Crítica del País Valenciano 94), Nano (Premio María Casares 99 á Mellor Dirección e á Mellor Adaptación), O bululú do linier (Premio María Casares 2000 ao Mellor Texto Orixinal), Ñiqui-Ñaque (Premio Max 2002 ao Mellor Texto en Galego), Bicos con Lingua (Premio María Casares 2004 ao Mellor Texto Orixinal), García (Premio María Casares 2005 ao Mellor Texto Orixinal), A Piragua (Premio María Casares 2008 ao Mellor Texto Orixinal), Emigrados (Premio Max 2008 ao Mellor Texto en Galego), Memorias dun neno labrego, (con case 200 funcións é un dos espectáculos máis representados do teatro galego), As do peixe (Premio do Público da Mostra Internacional de Ribadavia 2013 e Premio María Casares 2014 ao Mellor Texto Orixinal), A casa do avó (Premio María Casares 2015 ao Mellor Espectáculo Infantil), O tolleito de Inihsmaan (Premio María Casares 2017 á Mellor Adaptación) ou A galiña azul (Premio al Mejor Espectáculo de Títeres FETEN de Xixón 2018).

**BOTANDO A LINGUA A PACER** | Público adulto | 60 min

Unha hora de historias que parecen contos, contos que parecen de verdade, verdades que parecen mentira e mentiras que quen o diría!





**CARME VARELA**  
(Galicia)

Licenciada en Filoloxía galega, completei a miña formación cun mestrado en xestión cultural na Universidade de Barcelona. A miña conexión co teatro comezou na época de estudante no grupo universitario EIS e na compañía Os Quinquilláns. Rematada a carreira, compaxinei traballos na Fundación Castelao como Secretaria Técnica con outros no campo da produción e distribución teatral coas compañías Ollomoltranvía e Mofa e Befá. Tamén traballei na empresa de servizos teatrais RTA. Fun Directora de Produción no Centro Dramático Galego e dende o ano 2007 a miña vida laboral estivo ligada á empresa de comunicación Atlantis Multimedia onde participei en proxectos de publicidade ou na produción de películas documentais como *A palabra xusta* dirixida por Miguel Piñeiro.

As *desterradas*, premiada no XXV Premio Álvaro Cunqueiro, foi o meu primeiro texto teatral e foi creado como unha actividade para desenvolver no seo da asociación de patrimonio medieval O Sorriso de Daniel da que son secretaria e que axudei a fundar en 2010.

### ROTEIROS DAS DESTERRADAS

A finais do século XV e comezos do XVI os mosteiros bieitos galegos víronse sacudidos por unha Reforma que os levou a unha pelexa de case 30 anos nos que se enfrontaron a tres papas diferentes e dúas raíñas. Un episodio da nosa historia poucas veces relatado e nunca cuestionado. Quince mosteiros coas súas abadesas estiveron durante todo ese tempo no centro dun gran conflito no que se mesturaba a relixión e a política.


Unha peza teatral baseada naqueles acontecementos foi a gañadora do premio de Teatro Álvaro Cunqueiro na súa vixésimo quinta edición: *As desterradas*. Da man da súa autora -Carme Varela-, percorremos os espazos de Compostela relacionados con estes feitos: o mosteiro de San Paio de Antealtares, o mosteiro de San Martiño Pinario, o Hospital de Peregrinos, o mosteiro de Belvís...

No percorrido reviviremos a reclusión das monxas contra a súa vontade, assistiremos a un xuízo infame no que os xuíces son tamén parte. E se estamos atentos mesmo poderemos contemplar unha fuxida masiva de abadesas que conseguen forzar a clausura e retomar o control dos seus vellos mosteiros por un tempo. O espolio, a violencia, mesmo os asasinatos sairannos ao encontro.

A peza teatral ideada por Varela transcorre integramente no mosteiro de Albeos (Crecente) mais a obra está inzada de alusións continuas a Compostela. Escena a escena, vaise descubriendo a traxedia que estas monxas están a vivir. As desterradas adéntrase no enfrontamento desatado entre a Coroa de Castela e os mosteiros bieitos galegos nos séculos XV e XVI. Unha historia de resistencia protagonizada por un pequeno grupo de monxas que mantiveron unha valente e desigual pelexa cos grandes poderes do seu tempo: a coroa e o papado.

A peza teatral recrea eses días finais no mosteiro de Albeos, dos que non chegou documentación a nós porque, como o Padre Colombás deixou dito, os documentos comprensiblemente escasean porque ninguén ten interese en conservar papeis ou pergameos embarazosos. Lonxe quedaba o tempo no que os abades de San Bieito de Valladolid se queixaban amargamente do apoio da cura romana ás monxas galegas: “cada hora nos dicen nos han de destruir como los templarios, y aún por tales y peores nos tienen. Pues nuestro santísimo padre el Papa nunca nos llama sino herejes”.

As pedras de Compostela foron testemuñas daqueles feitos e agora imos percorrelas para descubrir o que se nos ocultou por tanto tempo.



FELIPE DÍAZ

## CAXOTO (Galicia)

**Felipe Díaz**, máis coñecido por 'Caxoto', é narrador. Ligado ao espazo escénico dende hai anos, entra en contacto coa oralidade ao chegar á Editorial Kalandraka onde asumiu o reto de ser contador nunha campaña de animación á lectura que o levou por colexios de toda a xeografía galega. Dende aquela Caxoto adícase ao mundo dos contos cun amplo abano de espectáculos dirixidos, preferentemente a público infantil e familiar.

Na actualidade é contador de referencia en concellos como A Coruña, Lugo, Vigo, Oleiros, Arteixo, Narón... e nos últimos anos participou e participa en festivais de narración oral moi recoñecidos entre os que destacan o Maratón de los Cuentos (Guadalajara), La senda del cuento (Toledo), Festival EVA (Madeira-Portugal) ou Falando a boca chea (A Coruña).

**CONTOS A PÉ DE RÚA** | Público infantil | 60 min | En galego

Neste espectáculo un barrendeiro fai unha entrada inesperada e ante un público expectante decídese a contar algún dos contos que le mentres limpa nas bibliotecas e os colexios municipais. Algunhas veces contos de medo, outras contos cheos de fantasía, contos tradicionais... todo misturado con xogos, cantigas... un plan perfecto para escoitar sentados co cu no chan e os pés coma os indios.



## CELSO F. SANMARTÍN (Galicia)

**Celso Fernández Sanmartín** (Lalín, 1969) é un poeta e contacontos galego. É licenciado en Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela e tamén promotor de FoCuCu (Foro de Cultivos Culturais).

Como contacontos, Celso F. Sanmartín caracterízase polo seu labor como recolledor e reinventor de historias e contos. O seu repertorio está composto por historias e memorias ligadas á tradición oral galega e tamén á europea que presenta nos seus espectáculos coma un verdadeiro tesouro, cheos de coidado, sentido e paixón pola oralidade, a comunicación e a lingua.

**CATRO AVES ESCOLLIDAS SON AS QUE CRUZAN O MAR** | Público adulto | 75 min

Somos aves de paso... somos auga do río... con estas imaxes evocamos os momentos no conxunto, con principio e fin, e o resultado desta capacidade pódenos poñer melancólicos, e a melancolía é propensa a buscar táboas de salvamento nas historias que nos contamos, buscamos no sentir común a permanencia.

**ROMARÍA** | Coa Banda Municipal de Música de Santiago

Os gaiteros primeiro e a banda despois, son a música que envolve en directo, da a mañá á noite e da noite á mañá, o lugar que celebra a súa festa.

Os recordos da festa quedan nunha partitura intanxible, a festa eleva o valor da alegría e o instinto de comunidade e de familiaridade.

A festa da traballo facela, pero sae soa, coma unha flor.



**Charo Pita** naceu á idade de seis anos cando acabou de ler o seu primeiro libro. Leva contando historias de viva voz e impartindo obradoiros de narración oral e lectura en voz alta desde o ano 94, como narradora en solitario, dentro de espectáculos bilingües inglés-galego, ou en sesións nas que se combinan os contos e a música. Como escritora ten máis dunha ducia de libros publicados. Recibiu algúns galardóns literarios, como o premio Espiral Maior de poesía no ano 2001 ou o Manuel Murguía de narracións breves para adultos no 2018. Recentemente, o seu poemario 'O cuarto de Jane' gañou o primeiro premio do XV Certame de Poesía Erótica Illas Sisargas. Unha das súas facetas máis persoais é a de mesturar contos e música, de aí a súa participación en proxectos como 'A nena e o grilo no país das apertas' xunto a Magín Blanco, en 'Estamos no verán' xunto a Xoán Curiel ou en 'No país do vento' da man de María Faltri e Jorge Juncal.

**MAXIA** | Público infantil | Galego

Espectáculo baseado no libro homónimo de Charo Pita, esta obra conta a historia de Óscar, un neno que descobre a maxia do corpo e a lactación grazas a un bebé que ten que coidar. O relato incide no asombro polo cotián, na idea de que as grandes aventuras fórxanse no día a día e que os heroes, como Óscar, son aqueles que se atreven a afrontar con valentía e sen desprezo os misterios máis pequenos: un bebé que chora porque ten fame, por exemplo.

**DRAGOEIROS E BIOSBARDOS** | Con Sofia Maul | Infantil e familiar (+3 anos)

Contos de Madeira e Galicia da man de Sofia Maul e Charo Pita.



**CRIS COLLAZO**  
(Galicia)

Naceu en Santiago de Compostela no 1986 e medrou no berce dunha aldea chea de fábulas, contos e cantigas. Dos beizos das avoas saiu a maxia da literatura popular que fixeron pouso na súa formación e entendemento da arte dramática. Así mesmo, cursou maxisterio e literatura en Madrid. Nestes anos comezaron as investigacións sobre o teatro cervantino e a literatura popular, así coma a súa carreira profesional. Actualmente cursa dirección na ESAD, formándose noutros ámbitos interpretativos, danza ou música.

No 2012 viaxa a Brasil para realizar unha xira coa compañía Arte Livre onde se afianzan as súas inquiredanzas sobre o teatro infantil e a dramatización dos contos. Tras un ano de enchouparse na cultura e arte deste país, regresa á Bandeira para poñer en práctica estas aprendizaxes, así coma crear “laboratorios”. Realiza traballos audiovisuais na TVG, coma en Dalia, a modista no papel de Valentina, ou Pazo de Familia, no pasado de Suevia ou proximamente O sabor das margaridas; así coma proxectos publicitarios e curtametraxes. Fórmase no 2013 A Cova das Letras, co obxecto de fomentar o teatro no medio rural. Nace así, Medias Verdes Teatro, grupo amateur de A Bandeira, que coordina, xunto cos grupos infantís de teatro espallados pola comarca do Deza. Coordina así mesmo outros proxectos de índole social coma “Teatro no cárcere” e “Teatro en feminino”.

A Cova das Letras foi medrando e leva a escena ás súas montaxes: O circo dos contos, xunto con Beatriz Pena, A Fotógrafa, ó carón de Pilar Abades, Mariñeiras da man de Sonia García ou o contacontos A Corva ou Procúrase Pepa a Loba. Actulamente a compañía somérxese no proxecto A Gata con Zocos, comedia musical onde os títeres se fusionan coas bandas de música, peza coa que xiran polas diversas bandas galegas e estranxeiras, da man de Anxo García e Manuel Paino. Ten colaborado con bandas de música como narradora, destacando a montaxe da Divina Comedia realizado coa Banda de Vilatuxe ou Oscar of Amnesty no papel de Marianela coa Banda Municipal de Pontevedra. Así mesmo é trompista na Banda de Ordes e na Banda da Bandeira.

#### **PROCÚRASE PEPA A LOBA** | Público familiar / infantil (+5 anos)

no 1890. Inauguración da taberna de Pepa a Loba. A súa gavela ó completo: Xan Quinto "o vello", Maninocente e Calamity Jane celebran este día tan esperado, mais... un cobizado tesouro agóchase moi preto e só ela sabe o segredo. Precisa da túa colaboración... Atrévete?

Trátase dun contacontos interactivo onde a danza e a música se funden coa natureza, poñendo en valor a amizade e a perspectiva de xénero.

#### **SON NO BERCE** | Bebés

Concerto sensorial para bebés.



**CRIS DE CALDAS**  
(Galicia)

Nacín entre os contos que me contaba a miña avoa Carmela para que comera, para que non comera tanto, para que deixara de gabear polas árbores, para que levantara o cú, para que falara, para que calara...

Deste xeito, aprendín que había un conto para cada ocasión. Tanto conto me arrou que quixen saber máis deles, polo que non quedou outra que estudar filoloxía pero iso non foi suficiente. Eu quería vivir entre contos, así que logo prepareime para ser bibliotecaria. E aínda que é un traballo moi creativo e divertido, ás veces sinto que os contos queren saír dos andeis e eu lévoos comigo para que os escoite quen sabe facelo.

Outras veces, prefiro conversar con quen máis sabe e levar un anaco da nosa tradición no meu contar. Na actualidade, conto para todo tipo de públicos, para quen non ten nin un ano e para que pasa dos cen. Só se precisa orelas, para escoitar, corazón, para deixarse emocionar e boca para sorrir. Ti sabes escoitar? Pois eu teño un conto para ti.

### **FÍOS DA MEMORIA**

Dorinda era tecedora e como tal traballaba para as casas, para as persoas e ata para os animais. Tecía panos, colchas, manteis e ata alforxas. Compoñía prendas para diario ou para vender como agasallos. Tecía de noite pois de día había que traballar nas leiras.

Pero nunca deixou de tecer soños dos que se teñen cos ollos abertos e as mans ocupadas.

Seguindo a súa vida, examinando a súa labor pregunteime polos fíos que todos temos no noso maxín e no noso corazón. Algúns son nosos e outros herdados. Algúns son propios e outros emprestados, pero tecen historias que prestan para escoitar cada día ou en ocasións especiais, para botar a diario ou para agasallar.

Hai fíos cos que tecer historias de amor, outros cos que recompor inxustizas, algúns fan unha bo pano de retranca e con outros urdimos viaxes ao mundo dos mortos.

Fíos do maxín cos que tecer a vida; haberá uns que leven ao sorriso e outros que non, tal como sucede no pano grande da vida. É o que ten a memoria da xente, sempre escoita e algo queda.

Son historias e contos de tradición oral cos que tecer a vida.



Natural de Cangas do Morrazo. Actor, improvisador, malabarista, clown, docente e narrador oral. Formouse a medio camiño entre Santiago de Compostela e Bos Aires. Fundador da compañía de circo Assircópatas no ano 2003 coa que percorreu máis de 15 países con diferentes espectáculos ata o de agora. Membro tamén da compañía de circo Muu e da compañía de teatro Diáspora escena. Ademais fundou a compañía de improvisación teatral Themomento impro. Comezou da narración oral no 2017, en gran parte grazas a Soldade Felloza, e desde aquela non para de contar en bibliotecas, bares, teatros e alí onde o queiran escoitar. Nos seus contos mestura a realidade co fantástico. Participou xa no festival Atlántica no ano 2019 co espectáculo para público adulto *Ondas para mudar*.

**HISTORIAS DE BOCA A BOCA** | Adultos | En galego

Cousas que me contaron e que non se poden contar, pero vouno facer. Unha recua de mentiras mesturadas con algo de verdade. Historias extraordinarias de xente común. Mesture un pouco de realidade con un feixe de risas, un chisco de sorpresa e moreas de imaxinación. Abran as orellas, memoricen e conten a súa propia versión.

**HISTORIAS DESDE O OUTRO LADO DA RAIA** | Infantil e familiar (+3 anos) | En galego

Desde o outro lado do Miño, hai contos que se foron contando alén do tempo. Pasaron de avós a nais e destas ás crianzas que foron máis tarde pais. Contos fantásticos que van cruzar a fronteira imaxinaria. Contos da tradición lusófona, lonxe no espazo mais que imos sentir moi pretoño.



**Francisco do Romualdo** é o nome artístico do zanfonista e cantor Francisco Almuíña. Logo de perder a vista, Almuíña cambiou a súa profesión de enfermeiro pola actividade artística e a defensa do patrimonio cultural galego. Tamén xestiona coa súa muller unha casa rural no lugar de Vilar, en Lugo, alén de presidir a Asociación Profesional Ribeira Sacra Rural, da que é o fundador. Na actualidade é o único artista invisible verdadeiro que representa os cantos de cego.

**PAUS DE CEGO** | 60 min

*Paus de cego* é un concerto didáctico con pingas da literatura oral e da música popular que persoas cegas veñen interpretando dende hai séculos. O Francisco do Romualdo ofrece unha amena escolla de cantares, romances e coplas tradicionais e contemporáneas. Canda a el hanse poder degustar saborosas pequiñas da nosa cultura, que sinxelas, actuais e divertidas, son quen de recrear gozosas lembranzas e seguir engaiolando a cantas persoas participan. Trátase de romances e cancións coma os *Milagres de Santo Antonio*, *Os mandamentos do amor*, o *Romance da lavandeira*, o *Romance das sete chaves* ou *Crime de Catoira*, algúns acompañados coa banda deseñada da época: as maltrañas (cartelóns debuxados).



Contador, poeta, dramaturgo e distraidamente escritor. Nace ao mundo o 2 de xuño de 1979 en Lugoslavia, malia as odas dalgúns rapsodos da Piringalla que afirman que todo ten a súa orixe onde os depósitos da auga, uns metros máis arriba da escola, onde reina o conserxe Agustín.

Seguidora de Keats e da idea romántica da “fermosa abundancia”, súa avoa materna cébao coma os capós de Vilalba ao tempo que seu avó lle conta visionario que nunha taberna de Becerreá, Felipe González aparecéuselle lanzal e díxolle: “Nicas, deixa as tabernas e marcha pra Lugo”.

Este feito, aparentemente insignificante non é pataca minuta: coñece o profesionalismo do fútbol sala pero traza nel unha clara liña tanxencial, talvez alimentada polas incursións nocturnas da súa infancia canda seus pais no antigo Clavicémbalo ou no Pub Rokax, non lonxe de Friol. Así as cousas, o cidadán Lois Pérez comeza a amosar unha natural querenza por percorrer o camiño inverso ao de seu avó, deixando o cálido fogar cara o vizoso lume da dilapidación pecuniaria e vital polos bazares da noite.

De neno memoriza o conto de Yuri Potof e súa nai (en calidade de asesora de lingua galega, corrían os alegres noventa) tráelle varias veces á casa a un tal Federico Martín Nebrás. Houbo ser aí a primeira aparición sería na súa vida dun falador. Anos despois cruzará outros, tan bos que o único xeito de que non lle influísen sería non telos coñecido.

E ata aquí chega coma Alberti, confuso: non sabe se rascar o reloxo ou darlle corda ao cu.

**CONTABA MORRER** | Público adulto

O inventario familiar do narrador oral Lois Pérez ten un pé na Terra Chá, onde un curmán de súa tataravoa, o gaitero Pepechín de Rubián, cantaba que “o venres boto contas e sábado vou cobrar e o domingo, como é festivo, vou ás mozas a Xermar”. e outro nas montañas de Becerreá, onde seu avó gastaba as ganancias de improbable bestilleiro. O resto son defuntos, sucedidos, ecos literarios e contos mal aprendidos que se escoaron por tabernas, campos da festa e bazares da noite. Humor e azar ofrecido á improvisación sen esquecer un axioma universal: contar, contaba morrer



**LORENA PINHEIRO**  
(Galicia)

**Lorena Pinheiro** sabe contar historias dende que as historias veñen a ela. Críase nun bar de aldea no que aprende a aplicar o método da súa avoa: escoitar para captar toda a atención da familia nos xantares dos domingos, coas últimas novidades sucedidas na parroquia.

Lorena Pinheiro perfecciona o método Saladina formándose con Paula Carballeira, Celso Fdez Sanmartín, Raquel Queizás, entre outros para comezar a contar de maneira profesional no ano 2018. Forma parte dende os seus comezos do colectivo de narración oral NOGA.

Sendo unha das novas voces do panorama da narración oral galega, ten contado no Festival Falando a Boca Chea da Coruña, no Falar por Falar de Pazos de Borbén, no Festival Atlántica como novas voces, no programa da TVG Luar xunto a Celso Fdez Sanmartín, nas bibliotecas de Oleiros, e en escolas, institutos e ducias de centros culturais.

**CONTOS DE AQUÍ E DACOLÁ** | Con Cláudia Fonseca

Emoción, diversión e tradición empregando como ferramenta un dos apeiros máis antigos da humanidade; as historias contadas. Porque hai algo que é tradición: a necesidade de contarnos a vida.



**LUIS PREGO**  
(Galicia)

Mestre de baile e música tradicional dende 1989. Comezou no mundo da danza a idade de catro anos, na escola do prestixioso grupo vigués Lembranzas Galegas.

Estudoso e investigador do folclore tradicional galego. Autor dos libros *Para cantar e bailar* (Ed. do Cumio, 2008), e *Xogos musicais* (Ed. do Cumio, 2013). Ten participado en numerosas conferencias e escrito sobre o folclore tradicional en varias revistas especializadas. Creador e administrador do grupo de Facebook [Baile e música de Galiza](#), adicada a difundir os traballos de campo realizados por toda a xeografía galega dende finais dos 80 ata a actualidade. Creador e administrador da páxina [Un punto ao día con Luís Prego](#), feita para ensinar e divulgar a riqueza dos pasos do baile solto en Galiza.

Fundador e primeiro director do grupo O Fiadeiro de Vigo. Director dos grupos Albendeira, Tralovallo e Adonairare, entre outros. Director do Orfeón Mariñeiro do Berbés (da A.VV. do Casco Vello de Vigo). Ex director dos grupos Brincadeira de Santiago de Compostela e A Buxaina de Vigo.



Membro do grupo de música folk Ardentía co que xa ten gravados cinco traballos: Ardentía, Retellando, Quince anos de viaxe, Vintage e Adiante. Tamén colaborou en varios traballos discográficos como músico ou asesor, tales como In Mare, Se non fora por quen baila e Orfeón Mariñeiro do Berbés.

Ao longo da súa traxectoria ten impartido cursos e obradoiros de música e baile tradicional en numerosos centros galegos da diáspora: Arxentina, Perú, Brasil, Francia, España e Portugal. Na actualidade continúa a súa actividade docente nas disciplinas de gaita, requinta, acordeón, percusión, baile tradicional, canto tradicional e canto coral.

Recibiu recoñecemento público pola súa traxectoria profesional no X Día do orgullo gaiteiro, organizado pola AOFT Gomes Mouro, e no 75 Festival de música tradicional Os Alegres, organizado polo grupo de gaitas Os Alegres de Pontevedra.

### ESPECTÁCULO DE GAITAZUMBA

Unha sesión de música e baile para todos os públicos. Luis Prego regresa para aprendermos a bailar e a facernos queimar máis calorías que nunha clase de zumba



[Manuel Gago](#) (Palmeira, Ribeira, 1976), é xornalista, escritor e comisario de exposicións. É director de culturagalega.gal, a plataforma de divulgación cultural do Consello da Cultura Galega e profesor na Facultade de CC. da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela. Os seus últimos libros son a novela Nus (Xerais, 2021) e O sangue das pantasma (Festival Atlántica e Librería Couceiro, 2020). A súa última exposición é Galicia, un relato no mundo (Museo Gaiás, 2019). No ámbito da divulgación científica e cultural mantén colaboracións radiofónicas na Radio Galega e columnas en La Voz de Galicia, El Progreso e Diario de Pontevedra e é membro dos grupos de investigación en Novos Medios da USC e Romanarmy.eu.

### VISITA GUIADA DA EXPOSICIÓN 'SANTIAGO DE COMPOSTELA NO TEMPO'

A exposición *Santiago de Compostela no tempo* explora a interacción entre o urbanismo, a sociedade e o territorio que conforma a capital de Galicia, abranguendo distintas perspectivas como son a estética, a economía, a creación artística, a educación, a memoria e os imaxinarios locais. A través de cen pezas, entre obxectos e documentos, a exposición permite coñecer o legado cultural da cidade a través dunha coitada selección de obxectos, obras de arte, documentos, audiovisuais e interactivos que abren portas ao redor da cidade como un espazo de poder e de creación. A exposición está promovida pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, a Cidade da Cultura e Afundación.



## MARÍA DA PONTRAGHA (Galicia)

**María da Pontragha** é o alcume de María Iglesias, unha educadora e antropóloga que dende sempre mantivo un vínculo moi forte coa tradición oral, tanto a través da música coma da palabra en si. No 2009 comezou a súa andaina no mundo da narración centrándose na recuperación e actualización das historias populares e de tradición oral e cun gusto especial polas historias que se centran nas mulleres do país. É ademais percusionista e vocalista nos grupos Bouba e Lévedo, e vocalista no grupo *Sacha na horta*.

**DONAS DO LUGAR** | Público adulto | 60 min

A través da historia de varias mulleres coñeceremos as pequenas revoltas que se deron nas súas vidas e que cambiaron o camiño das donas nas aldeas. Historias duras e bonitas, cheas de humor que nos deixan con gana de seguir dando batalla.

**UN SACO DE CONTOS** | Público infantil | 50 min

Contos e cancións de tradición oral para crianzas. Que beben da nosa herdanza cultural e cos que semento as leiriñas das familias para que medren vizosas.



## Pablo Sánchez OS CONTOS DE PABLÍSIMO (Galicia)

*Os contos de Pablísimo* é una compañía especializada en contacontos, teatro de animación á lectura e teatro infantil. Os seus espectáculos de pequeno e mediano formato toman sempre como base a literatura infantil (contos clásicos, contemporáneos, e de creación propia) a tradición oral e o teatro.

Fundada no ano 2001, leva producidos máis de 20 espectáculos nos que mestura monicreques, música en vivo, teatro de sombras, vídeo ou narración oral. Ten participado en diferentes mostras, horas do conto e festivais.

**Pablo Sánchez** é diplomado en Ciencias da educación e Técnico en Educación Infantil. Conta con un posgrao en interpretación pola Universidade de Santiago de Compostela e completa a súa formación en escolas internacionais (Dell Arte en EEUU, Circomedia en Reino Unido; Scuola del Attore Cómico en Italia, etc). Leva traballando dende o ano 1989 como docente, actor de teatro e televisión, monicrequeiro, clown, contacontos, etc.

**O PAROLEIRO** | 40 min | Nenos +4

O paroleiro é moi amigo de parolar, gusta de laretar, enredar, falar e de contar. Narra sucedidos, historias e, sobre todo, moitos contos que leva na súa memoria, nas súas maletas, nos seus petos e nos seus zapatos. Esta sesión de contacontos é unha colección de relatos que amosan a gran variedade e riqueza da literatura infantil e da tradición oral. O obxectivo é dar a coñecer os contos de transmisión oral así como os contos máis contemporáneos. Neste espectáculo empregaremos recursos como as sombras, monicreques, poemas numéricos, contos de nunca rematar, retrousos, brinquedos, e cancións.



**Pablo Díaz** é un prestixioso músico coruñés que debutou en 2009 apadriñado por Santiago Auserón co traballo discográfico *Tic tac* (ed. Kalandraka). A obra acadou un éxito espectacular en Galicia, xa que a primeira edición do traballo esgotouse en tres meses e vai xa pola quinta edición con máis de 5000 exemplares vendidos. Con este traballo resultou un dos tres finalistas nos premios galegos da música Martín Códax e foi o gañador do galardón “Anisia Miranda á creatividade infantil” en 2011.

En novembro de 2013 publicou o seu segundo traballo, *Toc toc* (ed. Galaxia), que serviu para reafirmalo na escena musical galega: premio ao mellor traballo de música infantil nos Martín Códax 2014 e unha xira por máis de 50 concellos de Galicia. Un ano máis tarde presentou un novo traballo máis íntimo e dedicado ao público de menor idade, *Xente miúda, moita fartura*, apostando nesta ocasión pola auto produción e coa colaboración de Tito Calviño e Carmen Rey.

A finais do 2016 publicou *Tic tac toc, ilustrado* por Almudena Aparicio. Con este espectáculo fixo unha xira por 50 concellos da nosa comunidade. O último traballo de Pablo Díaz é *Coas miñas mans*, que saíu ao mercado en xuño de 2018 con moi boa acollida por parte do público familiar.

**CANTACONTOS** | Contos e música | Bebés 0-3 anos

Unha sesión de contos bebés de 0 a 3 anos coa música como fio condutor, onde a fantasía, a lingua e a ilusión serán as protagonistas. Nela, Pablo Díaz irá mesturando contos con algunhas cancións dos seus discos *Tic Tac*, *Toc Toc* e, principalmente, *Xente miúda, moita fartura*.



**Paco Cerdeira** (músico, compositor e produtor) leva adicándose ao público infantil dende xa fai mais de 13 anos, que comezou os seus pasos como membro de Mamá Cabra (grupo de música didáctica infantil en galego), do que participou nos seus traballos durante máis de 10 anos continuamente, sendo eixo principal dos espectáculos desenvolvidos en coles, teatros e auditorios, librerías, bibliotecas, feiras do libro, etc.

No ano 2014 decide formar a súa propia banda de música infantil, dada a súa longa traxectoria neste eido profesional, e nace así A Gramola Gominola, editando así o seu primeiro traballo en Libro-Cd como o Autor en Marzo de 2015, por parte da Editorial Galaxia. Crea cancións para un proxecto musical totalmente diferente ao visto ata ese momento, tendo como eixe central o Rock and Roll, explorando e mostrando moitos estilos da música contemporánea ligados ao rock, e sendo unha proposta didáctica para os máis cativos da casa.

No 2017 editase o segundo traballo da banda (homónimo) “Cancións para Desafinar”, de novo con ED Galaxia, no que nos convidan a todas e todos a rockear, e no ano 2019 publica o seu terceiro traballo, “Bravas. O rexurdir da Luz” cun espectáculo que xa está a percorrer Galicia con gran acollida entre o público. Os recoñecementos públicos de A Gramola Gominola logo chegan, estando nomeados aos Premios Galegos da Música Martín Códax na categoría Música Infantil, nos anos 2016 e 2017, e acadando o premio no ano 2018

No ano 2015 comeza a traballar no seu proxecto persoal en solitario, Pakolas, e nace así unha nova proposta para espectáculo individual. Segue traballando así con letras e composicións propias e mergullándose no mundo dos contos. O seu primeiro libro-cd en solitario, do mesmo título que o seu nome, “Pakolas” é editado pola Ed Galaxia (Sonárbore) en Novembro de 2017, co respaldo do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia (CPLGA). Son 10 composicións, no que tamén trata de traballar a música dende unha nova perspectiva logopédica, non so de contar historias e contos e interpretarlas músicas nos espectáculos. En 2020, e na mesma colección Sonárbore, sae editado este seu segundo libro-disco titulado “Ramona Órbita. A dona do tempo”.

**RAMONA ÓRBITA, A DONA DO TEMPO** | Concerto | público infantil e familiar | 60 minutos

En este espectáculo Pakolas preséntanos o seu último libro disco, editado en Sonárbore, na Editorial Galaxia (agosto 2020). Neste novo traballo contaremos e cantaremos a historia de Ramona Órbita, unha muller labrega da Serra do Courel, que posúe unha horta cibernética con patacas automáticas, e ademais ten unha máquina do tempo, o seu mellor invento. Con ela viaxa ao futuro e ao pasado na procura de tecnoloxía para crear un mundo mellor, máis ecolóxico e con enerxías limpas.

Así, a través das cancións e a narración, imos saltando a diferentes épocas. Ramona viaxa á prehistoria a comer churrasco de mamut con Manolo Cavernario que acaba de descubrir o lume, visita a Leonardo Da Vinci no Renacemento, acode ao Antigo Exipto cun tal Ramsés que lle cheiran os pés, ou conversa cun robot que ten unha Roda Rota que se fai chamar Time, etc, todo ata chegar a Benvidas ao Futuro na que cantamos por unha sociedade máis ecolóxica e concienciada co respecto e coidado á natura.

Moitas personaxes poderedes atopar nos seus libros e discos, con historias das que aprender e gozar a ritmo moi rockeiro. En definitiva, un espectáculo para compartir cos máis pequenos e coa familia. Pakolas incluírá nesta montaxe algún dos seus éxitos anteriores, dos máis aclamados polo público.



**Paula Carballeira**, nacida en Maniños (Fene, A Coruña), aínda que despois de licenciarse en Filoloxía na Universidade de Compostela, quedou a vivir nesas terras. Narradora oral profesional desde 1994, actriz e escritora. Tivo a sorte de ser convidada aos principais festivais de narración oral nacionais e internacionais (Portugal, Polonia, Francia, Cabo Verde, Colombia, Perú, Ecuador, México, Costa Rica...). Ademais, mantén actividades regulares en bibliotecas e centros de ensino. Como actriz, é membro da compañía Berrobambán e participou en varias series e programas da Televisión de Galicia. Como directora de teatro, levou adiante producións infantís tanto na súa compañía como no Centro Dramático Galego ou noutras compañías. Como autora, ten máis de trinta títulos publicados, tanto de narrativa, como de poesía ou teatro, moitos deles traducidos a varias linguas: portugués, inglés, italiano, coreano, catalán, éuscaro..., algúns deles premiados e a maioría pensados tamén para a infancia e a xuventude.

**10 ANOS DO MAR DE CONTOS** | Con Quico cadaval | Público adulto | Galego

Xunto a Quico Cadaval inaugurará a X edición cunha selección das súas mellores historias e algunha sorpresa.

**CAMIÑOS DE MAR, TERRA E VENTO** | Público familiar | Galego

Polos camiños da terra van quen queren chegar lonxe, de vagar, atopando atrancos, e persoas descoñecidas, e aventuras fantásticas ou pequenas peripecias, perigos, sorpresas.

Polos camiños do aire van quen adiviñaron como voar, coa axuda de paxaros ou alfombras, de vasoiras ou de rachas de vento.

Polos camiños do mar van quen esperan atopar illas misteriosas, música feita por ondas e sereas, baleas brancas, luras xigantes, tesouros que poden non ser de ouro nin de prata, senón de corais e criaturas das profundidades.

E os contos viaxan, de boca en boca, pola terra, polo mar e, sobre todo, polo aire.

**CONTOS DE ARREPÍO** | Con Sofia Maul

O medo é unha das poucas cousas que non buscas. Ao medo atópalo. Os chamados “contos de medo” só perseguen o arrepío do momento, unha lixeira inqueda, unha sensación de vento frío que che aloumiña o pescozo. Candeas, aparecidos, ánimas en pena, agoiros, avisos... Ben se pode dicir que o arrepío forma parte do outono e do inverno, e dalí proceden a maioría destas historias, das longas e escuras noites coa néboa ás portas.

Contos que foron tecendo narradoras e narradores anónimos, ás veces recollidos por escrito, a maioría transmitidos oralmente para lembrarnos que a morte está á espreita, e que por iso hai que sentir con intensidade, tremer rir cando o medo nolo permita, para esquecer por un momento o que agochan as tebras.



XACOBÉ RODRÍGUEZ E TAREIXA ALONSO


## PAVÍS PAVÓS (Galicia)

**Pavís Pavós** formouse como grupo de contacontos para público infantil no ano 1996 en Pontevedra. Traballa principalmente en Galicia con contos en galego e tratando de recuperar cantos, contos, adiviñas, refráns, fraseoloxía e xogos propios da nosa tradición. Tamén inclúen nos seus espectáculos contos de nova creación e formatos contemporáneos.

Por outra banda, a compañía adícase o labor da recuperación da oralidade e entre a súas tarefas tamén está a de recuperar as versións orixinais dos contos clásicos para que non desaparezan. Pavís Pavós está formado por Tareixa Alonso e Xacobe Rodríguez.

**AS HISTORIAS DA MARQUESA** | Infantil e familiar | 50 minutos

As *Historias da Marquesa* é unha escolma dos contos que Xacobe e Tareixa aprenderon grazas aos libros que lles deixou en herdanza a súa avoa. Nos libros agóchanse increíbles historias, algunhas delas...de medo.



## QUICO CADAVAL (Galicia)

Nace en Ribeira, na Ría de Arousa, onde Deus apoiou o dedo anular no seu día de descanso (o sétimo). O feliz natalicio produciuse no ano catro a.m.m.m. (antes da morte de Marilyn Monroe) nunha taberna, na que creceu. Na súa infancia conviviou con mariñeiros que extraían maxicamente bacallaus salgados dos seus pantalóns, quinquilleras que revelaba a berros a orixe da vida mentres devoraban carne asada e anciás que conseguían mexar de pé con precisión de cirurxiáns.

Polo modo que ten de falar de si mesmo parece que non ten avoa, pero a tivo e nótaselle moito.

Foi educado por un profesor entusiasta dos castigos físicos e da escritura barroca, na actualidade cronista local da cidade de Ribeira. Na súa época universitaria descoidou os seus estudos de arte para coquetear co amor, a política e a droga.

Recibiu moitas críticas dos seus amigos "junkies" polo consumo inmoderado de drogas brandas e mostos fermentados.


Dirixiu espectáculos de teatro coa presenza de orfas de fillos, quinquilleras, viúvas de carpinteiro, traficantes de toneis, palilheiras-macho, inmigrantes ilegais e xitanas vingativas. Escribiu pezas de teatro protagonizadas por traficantes mudos, deusas, piratas (sexo feminino), ociosos, aristócratas pintores, músicos ambulantes e vendedoras de amor ao pomenor.

Por se isto fose pouco, é omnívoro.

**10 ANOS DO MAR DE CONTOS** | Con Quico cadaval | Público adulto | Galego

Xunto a Paula Carballeira inaugurará a X edición cunha selección das súas mellores historias e algunha sorpresa.

**CONTANDO POLOS DEDOS** | Con Chusa Pérez de Vallejo | Adultos | En galego e lingua de signos



Pedagoga e directora teatral, actriz, bailarina e intérprete de lingua de signos. Tras adquirir experiencia nas diversas facetas nas que se formou, atopa o *teatro da escoita*, que lle permite conxugar todas as súas inquietudes e á vez proxectar nelas a súa crecente sensibilidade social.

Os seus inicios como actriz levárona a experimentar en varios formatos (teatro de rúa, teatro infantil, espazos informais, danza, maxia) e aproveitou para formarse nas distintas cidades nas que viviu: Santiago de Compostela, Zaragoza, Barcelona e Madrid... antes de dar o salto a Latinoamérica. Acumula experiencia e formación que lle axudarán a definir o seu propio proxecto multidisciplinar.

Formada con Moisés Mato López no *teatro da escoita*, convértese nun dos activos máis representativos desta nova corrente que inaugura unha nova forma de entender o teatro social, político e de intervención. Ademais de ser responsable do Encontro Internacional de Teatro e Compromiso da "Plataforma A Desalambrar" desde 2002; traendo a Madrid expoñentes do Teatro Internacional como: Cesar Brie, Julian Boal, Cesar Escuza, Sanchís Sinisterra, Ricardo Talento, entre outros.

É coa compañía de teatro "Os últimos", fundada o último día de 2006, que fará a súa achega específica a esta corrente durante uns anos moi intensos que a levarán a vivir a medio camiño entre España e Arxentina. Traballa e crea espectáculos teatrais con colectivos desfavorecidos (prostitución, persoas en situación de rúa, inmigrantes, centros de menores, discapacidade, centros de saúde...).

Chusa Pérez de Vallejo creou espectáculos e impartiu cursos e charlas por toda a xeografía española, en varias cidades de Arxentina, Brasil, Perú e Uruguai. Ao seu regreso a Santiago de Compostela, pasa a formar parte do elenco de *O charco de Ulises* mentres continúa cos seus diversos proxectos artísticos e inclusivos.

**CONTANDO POLOS DEDOS** | Con Chusa Pérez de Vallejo | Adultos | En galego e lingua de signos



**RAQUEL QUEIZÁS**  
(Galicia)

Nacín en Queirugás, unha pequena aldea preto de Verín (Ourense). Das historias que escoitaba aos meus avós xorde a miña paixón pola narración oral, pola lingua, pola lectura e polo teatro. Naquela época sabía a hora exacta polo sol, xogaba con bonecas feitas con carozos de millo e hipnotizaba galiñas. A pesar da miña timidez, no patio do colexio reproducía para as miñas compañeiras e compañeiros esas historias escoitadas a carón da lareira.

Son actriz, monicrequeira, filóloga (Universidade de Santiago, 1998), e sobre todo, contadora de historias. O meu repertorio inclúe contos tradicionais, lendas de cada recuncho, adaptacións de contos de autor e historias propias. Quizais fose polos contos que me contaba a miña avoa (porque a memoria dos antepasados non só é vida, senón sabedoría pura), quizais porque a nena que levo dentro segue soñando con ese mundo de fantasía, fose como fose, os contos forman parte da miña vida persoal e profesional. Levo xa vinte anos inmersa profesionalmente no mundo dos contos e do teatro.

#### **O ECO DAS PEDRAS** | Público familiar e infantil (+5 anos)

Existiu hai moito tempo, en Galicia, unha aldea chamada Veromundo chea de lendas que se escondían nas covas e mámoas de pedra. Este lugar desapareceu co paso do tempo, ninguén se lembra xa do seu nome. Pero, de cando en vez, sen previo aviso “aparece” diante dos nosos ollos un cova de Veromundo, na que habita unha moura, unha sabia, unha encantada que conta o que non está escrito empregando para iso os petróglifos que rodean a súa morada.

Na nosa terra, Galicia, as pedras están vivas. Nelas agóchanse tesouros, nelas viven as mouras encantadas, as serpes grandes, os mouros, os trasnos, os xigantes. Dentro das covas dormen as nubes do Nubeiro antes de formar fortes treboadas. Sobre as pedras descubrimos misteriosos petróglifos, gravados feitos sobre a pedra ao aire libre, que semellan mensaxes secretas que temos aínda que descifrar. As pedras falan, só hai que pararse a escoitalas para poder viaxar ao outro lado, alén.

Espectáculo de narración oral con manipulación de obxectos, monicreques e proxeccións. Con este espectáculo de narración oral preténdese que a cativada coñeza o valor do noso patrimonio cultural material e inmaterial, que redescubran os nosos petróglifos para que aprendan a estimalos e a coidalos e que coñezan os contos e lendas que nos fan pobo para que logo lles pregunten aos seus avós e bisavós por eles. Para que as historias revivan de cada vez e nunca se esquezan.





**REBECA BLANCO**  
(Galicia)

**Rebeca Blanco Rotea** é unha arqueóloga da arquitectura e da paisaxe (Vigo, 1973) que leva xa tres décadas en Santiago, cidade á que lle gusta facer falar a través das súas pedras. Investigadora na Universidade do Minho (Braga, Portugal) traballa na Raia con patrimónios fortificados, eclesiásticos e cidades históricas, mais tamén co patrimonio inmaterial e a socialización do coñecemento. Leva tempo embarcada en varios proxectos nos que o audiovisual cobra protagonismo como medio de construción de coñecemento coas comunidades locais, una ferramenta coa que facer do patrimonio un recursos sostible. Investigadora, docente e divulgadora científica que ve en cada muro e en cada paisaxe un depósito de historias transtemporais.

**MEMORIAS EN PEDRA** | Ruta narrada | Adultos

No medio da pedra, mexidas polo bulicio da praza de abastos, aínda podemos imaxinar os murmurios da comitiva que acompañaría a Teodomiro seguindo as luces que marcaban o sitio, o Locus Sancti Iacobi. O eremita Paio, do lugar de Solovio vira unhas luces na fraga, aló onde logo levantáronse dúas basílicas e unha catedral. Darredor daquilo a memoria tornouse en pedra. Mais nada é o que parece, e todo parece o que é. Entre igrexas, rúas e cercas porase outra mirada en Santiago que coas capas do tempo foi invisibilizando as historias e apagando os murmurios. Un percorrido para escoitar as pedras.



**SANTI PREGO E  
JORGE DE ARCOS**  
(Galicia)

**Santi Prego** é actor de teatro, cine e TV, titiriteiro e narrador oral. Comezou a contar a mediados dos anos '90 en institutos e as súas historias xa pasaron por teatros, casas da cultura, bibliotecas e mesmo en programas da televisión como *Apaga a lus* e tamén na Radio Galega.

**Jorge de Arcos** formou parte da compañía Matarile nos espectáculos *Antes de la metralla* (2017) e *Daimon y la jodida lógica* (2019). Gañador do campionato de improvisación teatral galego-portugués Fetega 2021.

**O TEATRO MÁIS PEQUENO DO MUNDO** | Todos os públicos | 45 min

O actor Santi Prego, acompañado nesta ocasión por Jorge de Arcos, presenta un repertorio que inclúe contos con participación e contos improvisados. O seu xeito de contar é moi visual. Nas súas historias sempre hai maxia e poesía e nunca falta un elemento de comicidade sutil.



A uruguaia [Soledad Felloza](#) dedícase á narración oral desde hai 25 anos. Tamén é docente, actriz, fotógrafa, escritora de literatura infantil e xuvenil e dramaturga, cunha ampla formación no campo do teatro e no eido dos contos. Recibiu o Premio Europeo ao mellor conto para nenos e nenas por 'A cociñeira do rei' (Editorial Oqo). O seu programa de radio 'La casa disparatada' foi declarado pola UNESCO de interese por mor da súa contribución á difusión dos dereitos da infancia. Ten editados discos de contos para nenos baixo o título 'De Tin Marín', esgotados neste momento.

**ACENDER A NOITE** | Público infantil

Contos para alumear a noite máis escura coas palabras brillantes que constrúen mundos novos e, ao mesmo tempo, serven para camiñar no noso.



No 2017 xuntáronse o amor pola literatura e a palabra dita co amor pola música e o universo da infancia, e nace de parto natural **Rilo & Penadique**. Elas narran, cantan e musican contos escoitados nalgún lugar ou escritos nalgún libro, nados dende o ser. Fusionan o mundo da infancia coa palabra e a música dando lugar a espectáculos de narración oral para bebés, rapazada e público familiar. Sonsoles Penadique leva a parte musical e Vero Rilo a narración oral.

Presentáronse na escena galega co espectáculo-obradoiro para bebés e familias ARRE RU, e pouco despois afianzáronse como dúo coa proposta para público familiar O pozo das señoras. Pouco despois saíron de Galiza para explorar novos mundos.

Ata a data acumulan novos títulos: *A formiga no carreiro*, *Barrococó*, *Derriba da lúa*, *Historias con susto para durmir a gusto*...Recentemente deron o salto ao público adulto co espectáculo *Arrolando as Frores* e seguen xirando con *Lavandeiras*.

**LAVANDEIRAS** | Público adulto | Galego

O oficio das lavandeiras forma parte do noso imaxinario colectivo. As mulleres á beira do río, de xeonllos, fregando a roupa tecen unha estampa que se repetiu ao longo da nosa historia. Ao seu redor, as lendas e os contos sucédense por toda a nosa xeografía, tanto física como identitaria.

Vero Rilo recolle ese patrimonio oral, dálle forma e agasállallo ao público, descubríndolle os outros relatos que rodean os lavadoiros: dende as lavandeiras nocturnas enchoupadas en sangue que xurdían da noite traendo malos presaxios até a traballo colectivo das lavandeiras de Redondela, na Illa de San Simón cando a guerra. Tamén conta de Manuela Lores, das fontes, dos ríos e de poñer os pés a remollo cada día...

A voz de Vero Rilo enfa estas pezas da nosa historia nun espectáculo único, de memoria e coñecemento, propio para un público adulto con curiosidade polo noso devir como pobo.

**DERRIBA DA LÚA** | Bebés 0-3 anos | Galego

DERRIBA DA LÚA é un espectáculo-obradoiro de narración oral e música, de recente creación, para familias con nenos de 0 a 3 anos. Queremos arrolar, contar, cantar e xogar xuntas para soñar e medrar libres coma paxaros, de candeloria a candeloria.



A Banda Municipal de Santiago de Compostela é unha das máis antigas de Galicia, xa que naceu en 1848 e perdura nos nosos días. Como centro de formación de instrumentistas, a ela acudiron durante moitos anos os nenos acollidos na Casa Hospicio, paliando en parte as restricións educativas no ámbito musical que sufría a poboación infantil máis desfavorecida e que en moitos casos supuxo un medio de vida para moitos deles.

Durante os primeiros anos é unha agrupación de afeccionados, ata que en 1876 o Concello decide facerse cargo dela e comeza a profesionalizarse. Nesa época redáctase un regulamento para o seu funcionamento. Unha das súas actividades máis importantes eran os concertos, denominados paseos, na Alameda ou na Rúa do Vilar, o que supón o traslado da música dos seráns privados a un ámbito público onde poden gozar del cidadáns de todos os estamentos sociais. Actúa tamén nas festas e nas procesións de Semana Santa.

Na actualidade realiza os seus concertos no Teatro Principal, Auditorio de Galicia, Praza da Quintana, Praza das Praterías, Alameda e outros lugares e barrios da cidade na temporada de verán. Conta con 37 compoñentes e a súa actividade baséase fundamentalmente nos concertos dominicais ao longo de todo o ano, concertos de verán os xoves e domingos, concertos didácticos en período lectivo nos que participan centos de escolares de Santiago e da bisbarra, intercambios e actos culturais e protocolarios.

- Director: David Fiuza
- Fruta/Frautín: David Martínez Lombardía, Judith Rey Iglesias
- Óboe/Corno Inglés: Lidia Iglesias Vaamonde
- Requinto: Simón Couceiro Riveira
- Clarinetes: Javier Pazos Pintor, Braulio Manuel Cao Ledo, José Manuel Puyana Gómez, Miguel Aguilar Alfonso, José Manuel Cespón Rodríguez, Nicolás Otero Conde, Raquel Bugallo Senra, Marina Abuín Salgado, Rafael Torres Míguez

- Clarinete Baixo: Martín Baleirón Frieiro
- Saxofón Alto: Rocío Hermida Santiago e Álvaro Iglesias Vila
- Saxofón Tenor: Santiago Vidal Dourado
- Saxofón Barítono: Diego García Morales
- Trompas: Samuel Pérez Llobell, Manuel Míguez Rodríguez e Javier González Borrajo
- Trompetas: Jesús Iglesias Álvarez e Xesús Alberto Busto Castaño
- Trompeta/Fliscorno: Juan Lois Diéguez
- Trombóns: Daniel Portas González, Juan Fernández Guzmán e Carlos Cabaleiro López
- Bombardinos: José Javier Ces Calvo e Vicente Martín Arastey
- Tubas: José Luís Vázquez Vidal e X. Carlos Seráns Olveira
- Timbais: Ramón Castro Ferro
- Percusión: Jorge Berdullas Del Río e Daniel Riveiro Hermo

# PROGRAMA\*

\*Programa suxeito a modificacións

## SANTIAGO DE COMPOSTELA | CENTROS DE ENSINO | XUÑO

### CEIP Pedrouzos

14 de xuño | Brais das Hortas en concerto  
15 de xuño | Vero Rilo  
16 de xuño | Avelino González  
17 de xuño | Carolina Rueda

### CEIP Vilas Alborada

16 de xuño | Vero Rilo  
17 de xuño | Raquel Queizás  
21 de xuño | Anxo Moure, Ayoub Kamouni e Aziz Belmajdoub

### Colexio San Pelayo Emma

16 de xuño | Carolina Rueda  
16 de xuño | Sole Felloza  
17 de xuño | Raquel Queizás

### CEIP Barouta - Anpa San Mauro

22 de xuño | Pablo Díaz, Charo Pita, Sole Felloza

## VIGO

### Xoves 16 de xuño

'Cantacontos' **Pablo Díaz** (Galicia)  
18 h | Biblioteca Juan Compañel | Bebés de 0 a 3 anos | En galego

### Sábado 18 de xuño

'Contos cantados, cantos contados' **Carolina Rueda** (Colombia)  
12 h | Biblioteca Juan Compañel | Infantil (+3 anos) | En castelán

## SANTIAGO

### Mércores 15 de xuño

'Contos nas orellas' **Bea Campos** (Galicia)  
18.30 h | Biblioteca Ánxel Casal | Infantil (+3 anos) | En galego

### Mércores 22 de xuño

'Acender a noite' **Sole Felloza** (Galicia)  
17.30 h | Aula de Pediatría do Hospital Clínico | En galego

### Xoves 30 de xuño

'Historias desde o outro lado da raia' **Dani Blanco** (Galicia)  
11 h | CSC das Fontiñas | Infantil e familiar (+3 anos) | En galego

'Son no berce' **Cris Collazo** (Galicia) | ESPAZO BEBÉS  
19 h | Parque de Bonaval | Bebés de 0 a 3 anos | En galego

'Romaría' **Celso F. Sanmartín e Banda Municipal de Música de Santiago** (Galicia)  
20 h | Praza de Praterías | Adultos | En galego

## INAUGURACIÓN X FESTIVAL ATLÁNTICA

'10 anos do mar de contos' **Paula Carballeira e Quico Cadaval** (Galicia)

21.30 h | Parque de Bonaval | Adultos | En galego

Cadeiras limitadas. Inscripción previa en [festivalatlantica.gal](http://festivalatlantica.gal)

### Venres 1 de xullo

'Contos de aquí e dacolá' **Cláudia Fonseca** (Brasil) **Lorena Pinheiro** (Galicia)

19.30 h | CSC de Bando | Infantil e familiar (+3 anos) | Portugués e galego

'Memorias en pedra' Ruta narrada por **Rebeca Blanco** (Galicia)

19 h | Santiago de Compostela | Saída de San Fiz de Solovio | Adultos | En galego

Inscripción previa en [festivalatlantica.gal](http://festivalatlantica.gal)

'As historias da marquesa' **Pavís Pavós** (Galicia)

19 h | Parque de Bonaval | Infantil e familiar (+3 anos) | En galego | Interpretación en lingua de signos

'Dois dos montes' **Vítor Fernandes e Estefânia Surreira** (Portugal)

'Donas do lugar' **María da Pontragra** (Galicia)

21.30 h | Parque de Bonaval | Adultos | En galego e portugués

### Sábado 2 de xullo

'Contos do Cantábrico ao Pacífico' **Virginia Imaz** (Guipúscoa) e **Carolina Rueda** (Colombia)

12 h | Praza de Cervantes | Infantil e familiar (+5 anos) | En castelán

'Gaitazumba' **Luis Prego** (Galicia)

12.45 h | Praza de Cervantes | Infantil e familiar (+4 anos) | En galego

'Corochas' **Atenea García** (Galicia) | ESPAZO BEBÉS

19 h | Parque de Bonaval | 0-3 anos | En galego

'Mitoloxía vasca' **Virginia Imaz** (Guipúscoa)

'Contos e sucedidos' **Carolina Rueda** (Colombia)

21.30 h | Parque de Bonaval | Adultos | En castelán. Interpretación en lingua de signos

### Mércores 6 de xullo

'Maxia' **Charo Pita** (Galicia)

17.30 h | Aula de Pediatría do Hospital Clínico | En galego

### Xoves 7 de xullo

'Roteiro das desterradas' **Carme Varela** (Galicia)

19 h | Saída dende a porta da Igrexa de San Paio de Antealtares | Adultos | En galego | Inscripción previa na web [festivalatlantica.gal](http://festivalatlantica.gal)

Proxección curta documental 'Verbas no ar' Coloquio cun membro da curta, **Celso F. Sanmartín e Anxo Moure**

19.30 h | Museo do Pobo Galego | Adultos | En galego

'Contos de contos' **Félix Albo** (Mediterráneo)

12.30 h | Carballeira de Conxo | Infantil e familiar (+5 anos) | En castelán

'Historias de boca a boca' **Dani Blanco** (Galicia)

'Yayerías' **Félix Albo** (Mediterráneo)  
21.30 h | Carballeira de Conxo | Adultos | En galego e castelán

#### Venres 8 de xullo

'Pequeno país' **Victoria Siedlecky** (Arxentina)  
18 h | Museo do Pobo Galego | Infantil e familiar (+4 anos) | En castelán | Interpretación en lingua de signos

'Santiago no tempo' Visita guiada por **Manuel Gago**, comisario da exposición  
19 h | Sede Afundación | Adultos | Inscripción previa [festivalatlantica.gal](http://festivalatlantica.gal)

'Relatos eróticos' **Victoria Siedlecky** (Arxentina)  
21.30 h | Museo do Pobo Galego | Adultos | En castelán | Interpretación en lingua de signos

#### Sábado 9 de xullo

'As catro estacións de Vivaldi' Concerto conto de **ConcertArt e Sole Felloza**  
12 h | Praza de Cervantes | En galego

#### **CLAUSURA X FESTIVAL ATLÁNTICA**

'Paus de cego' **Francisco de Romualdo** (Galicia)  
'O teatro máis pequeno do mundo' **Santi Prego e Jorge de Arcos** (Galicia)  
21.30 h | Fortaleza da Rocha Forte | Adultos | En galego

## **FERROL**

#### Xoves 30 de xuño

'Contos cantados, cantos contados' **Carolina Rueda** (Colombia)  
19 h | Biblioteca Municipal | Infantil (máis de 3 anos) | En castelán

'O xogo das sombras' **Carolina Rueda** (Colombia)  
21 h | Biblioteca Municipal | Adultos | En castelán

#### Venres 1 de xullo

'A miña casa' **Virginia Imaz** (Guipúscoa)  
19 h | Biblioteca Municipal | Infantil (+3 anos) | En castelán

'Mitoloxía vasca' **Virginia Imaz** (Guipúscoa)  
21 h | Biblioteca Municipal | Adultos | En castelán

#### Sábado 2 de xullo

'O paroleiro' **Pablo Sánchez 'Pablísimo'** (Galicia)  
12.30 h | Capela do C.C. Torrente Ballester | Infantil e familiar (+3 anos) | En galego

'Historias do filandar' **José Luis Gutierrez 'Guti'** (Zamora)  
21 h | Castelo de San Felipe | Adultos | En castelán

#### Domingo 3 de xullo

'Ramona Órbita, a dona do tempo' **Pakolas** (Galicia)  
12 h | Praza da Constitución | Infantil e familiar (+3 anos) | En galego



## OUTES

### Xoves 30 de xuño

'Un saco de contos' **María da Pontragha** (Galicia)  
18.30 h | Praia de Broña | Infantil (+3 anos) | En galego

'Donas do lugar' **María da Pontragha** (Galicia)  
20.30 h | Praia de Broña | Adultos | En galego

### Sábado 9 de xullo

'Yayerías' **FélixAlbo** (Mediterráneo)  
21.30 h | Pontenafonso | Adultos | En castelán

## TEO

### Xoves 30 de xuño

'Dois dos montes' **Vítor Fernandes e Estefânia Surreira** (Portugal)  
21.30 h | Carballeira da Tomada (Calo) | Adultos | En galego e portugués

### Venres 1 de xullo

'Contos de arrepío' **Paula Carballeira** (Galicia) e **Sofía Maul** (Portugal)  
21 h | Cemiterio Municipal | Adolescentes e adultos | En galego e portugués

### Venres 8 de xullo

'Donas do lugar' **María da Pontragha** (Galicia)  
21 h | Exteriores da Casa Reitoral de Bamonde, fronte á Igrexa | Público familiar | En galego

### Sábado 9 de xullo

'No tempo en que as pontes falaban' **Avelino González** (Galicia)  
21 h | Área recreativa do Xirimbao. Nas inmediacións da Ponte Mariola | Público familiar | En galego

## CARNOTA

### Sábado 2 de xullo

'Camiños de mar, terra e vento' **Paula Carballeira** (Galicia)  
20.30 h | Hórreo de Carnota | Infantil e familiar (+3 anos) | En galego

### Sábado 9 de xullo

'No tempo en que as pedras falaban' **Avelino González** (Galicia)  
Espectáculo e roteiro ao Monte Pindo | En galego

## SANXENXO

### Venres 1 de xullo

'Procúrase Pepa a Loba' **Cristina Collazo** (Galicia)  
22 h | Casa Mariñeira Don Fernando | Infantil e familiar (+5 anos) | En galego

### Sábado 9 de xullo

'Relatos eróticos' **Victoria Siedlecky** (Arxentina)  
22 h | Casa Mariñeira Don Fernando | Adultos | En castelán

## ALFOZ

### Sábado 2 de xullo

'O teatro máis pequeno do mundo' **Santi Prego e Jorge de Arcos** (Galicia)  
20.30 h | Castelo de Castrodoiro (Alfoz) | Adultos | En galego

### Sábado 9 de xullo

'Lavandeiras' **Rilo & Penadique** (Galicia)  
20.30 h | Castelo de Castrodoiro (Alfoz) | Adultos | En galego

## POBRA DO CARAMIÑAL

### Sábado 2 de xullo

'Dragoeiros e biosbardos' **Sofia Maul** (Madeira) e **Charo Pita** (Galicia)  
11.30 h | Alameda | Infantil e familiar (+3 anos) | En galego

### Mércores 6 de xullo

'Catro aves escollidas son as que cruzan o mar' **Celso F. Sanmartín** (Galicia)  
21 h | A Portela | Adulto | En galego

### Sábado 9 de xullo

'Contos e sucedidos' **Carolina Rueda** (Colombia)  
21.30 h | Adro do Castelo | Adultos | En castelán

## MUGARDOS

### Martes 5 de xullo

'Donas do lugar' **María da Pontragha** (Galicia)  
21.30 h | Centro de Interpretación de Caldoval | Adultos | En galego

### Mércores 6 de xullo

'Contos e sucedidos' **Carolina Rueda** (Colombia)  
21.30 h | Centro de interpretación de Caldoval | Adultos | En castelán

## OURENSE

### Mércores 6 de xullo

'O paroleiro' **Pablo Sánchez 'Pablísimo'** (Galicia)  
12 h | Praza da República, soportais da Biblioteca Pública de Ourense Nós | Infantil (+3 anos) | En galego

### Xoves 7 de xullo

'Derriba da lúa' **Rilo & Penadique** (Galicia)  
11.30 h | Praza da república, soportais da Biblioteca Pública de Ourense Nós | Bebés de 12 a 36 meses | En galego

## BOIRO

### Xoves 7 de xullo

'Donas do lugar' **María da Pontragha** (Galicia)  
21.30 h | Centro Arqueolóxico do Barbanza-Castro de Neixón | Adultos | En galego

### Venres 8 de xullo

'Yayerías' **Félix Albo** (Mediterráneo)  
21.30 h | Pazo da Torre de Goiáns | Adultos | En castelán

## CAMPO LAMEIRO

Venres 8 de xullo

'O eco das pedras' **Raquel Queizás** (Galicia)

22.30 h | Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro | Adultos | En galego

## PADERNE

Sábado 9 de xullo

'Fíos da memoria' **Cris de Caldas** (Galicia)

20.30 h | Praza de San Xulián de Vigo | Adultos | En galego

## CUNTIS

Venres 8 de xullo

'Contos cantados, cantos contados' **Carolina Rueda** (Colombia)

19 h | Castro de Castrolandín | Infantil e familiar (+4 anos) | En castelán

'O xogo das sombras' **Carolina Rueda** (Colombia)

21.30 h | Castro de Castrolandín | Adultos | En castelán

Sábado 9 de xullo

'Catro aves escollidas son as que cruzan o mar' **Celso F. Sanmartín** (Galicia)

21.30 h | Castro de Castrolandín | Adultos | En galego

## PAZOS DE BORBÉN

Sábado 2 de xullo

'Dois dos montes' **Vítor Fernandes** e **Estefânia Surreira** (Portugal)

12 h | Auditorio do Concello | Adultos | En portugués

Mércores 6 de xullo

'Un saco de contos' **María da Pontragha** (Galicia)

12 h | Auditorio do Concello | Infantil (+3 anos) | En galego

## DODRO

Sábado 2 de xullo

'Dragoeiros e biosbardos' **Sofia Maul** (Madeira) e **Charo Pita** (Galicia)

21 h | Eira de Traxeito | Infantil e familiar (+3 anos) | En galego

Venres 8 de xullo

'Contos para caghar patatillas' Concerto-conto de **Brais das Hortas** (Galicia)

21 h | Eira de Bexo | Infantil e familiar (+3 anos) | En galego

## LALÍN

Venres 1 de xullo

'Historias de filandar' **José Luís Gutiérrez 'Guti'** (Zamora)

21.30 h | Parque de Loriga | Adultos | En castelán

Xoves 7 de xullo

'Ramona Órbita, a dona do tempo' **Pakolas** (Galicia)  
20 h | Praza da Vila | Infantil e familiar (+3 anos) | En galego

## RIBEIRA

Domingo 3 de xullo

'Lavadeiras' **Rilo & Penadique** (Galicia)  
21.30 h | Lavadoiro de Penisqueira, Couso | Adultos | En galego

Mércores 6 de xullo

'Músicos e contos da patera' **Anxo Moure** (Galicia), **Ayoub Kamouni** e **Aziz Belmajdoub** (Marrocos)  
21.30 h | Praza do Concello | Adultos | En galego e árabe

Venres 8 de xullo

'O teatro máis pequeno do mundo' **Santi Prego** e **Jorge de Arcos** (Galicia)  
21.30 h | Lavadoiro de Artes | Adultos | En galego

## ZAS

Sábado 9 de xullo

'Botando a lingua a pacer' **Cándido Pazó** (Galicia)  
21.30 h | Torres do Allo | Adultos | En galego

## CHANTADA

Sábado 2 de xullo

'Contos na casa da árbore' **Anxo Moure** (Galicia)  
18.30 h | Garabelos, parroquia de Mariz | Infantil e familiar | En galego

## MONDOÑEDO

Venres 1 de xullo

'Contaba morrer' **Lois Pérez** (Galicia)  
21.30 h | Auditorio | Adultos | En galego

Sábado 9 de xullo

'Contos a pé de rúa' **Felipe Díaz 'Caxoto'** (Galicia)  
20.30 h | Alfaz | Público familiar | En galego

## PADRÓN

Sábado 1 de xullo

'Contando polos dedos' **Chusa Pérez de Vallejo & Quico Cadaval** (Galicia)  
21 h | Fundación Pública Galega Camilo José Cela | Adultos | En galego e lingua de signos

## PADRÓN

Domingo 3 de xullo

'Vermú de contos' **Todos os artistas do festival e mais convidados**  
12:30 h | Barcia-Riobóo-A Estrada | Portugués, galego, castelán | Adultos e familiar

# O EQUIPO

## **DIRECCIÓN ARTÍSTICA**

Soledad Felloza

## **PROMOVE**

Festival Atlántica

## **COORDINACIÓN E PRODUCCIÓN**

Soledad Felloza

Orzo Abrunheiras

Tati García

## **GABINETE ECONÓMICO**

Ecoburó de Xestión

## **IMAXE, DESEÑO GRÁFICO E MAQUETACIÓN**

Ekinocio Comunicación

## **DESEÑO E DESENVOLVEMENTO WEB**

Álex Bragaña

## **COMUNICACIÓN E PRENSA**

Beatriz Pérez

## **DOCUMENTACIÓN**

M. Gago

## **ASESORÍA LINGÜÍSTICA**

Pilar Corral, María Uzal

## **FOTOGRAFÍA**

Xaime Cortizo e Antía Castro

## **COORDINACIÓN CENTROS DE ENSINO**

Festival Atlántica

## **VOLUNTARIADO**

Ele Brea, María Uzal, Mon Serodio e toda a xente das Asociacións Culturais e Patrimoniais que este ano navegan connosco.



## **CONTACTO**

**Soledad Felloza**

635 95 28 20

[festivalatlantica@gmail.com](mailto:festivalatlantica@gmail.com)

[festivalatlantica.gal](http://festivalatlantica.gal)

[facebook.com/festivalatlantica](https://facebook.com/festivalatlantica)

[twitter.com/festatlantica](https://twitter.com/festatlantica)

[instagram.com/festatlantica](https://instagram.com/festatlantica)